



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº1, EXTRAORDINARIA, CON CONTIDO DE ORDINARIA, REALIZADA O MARTES 08 DE FEBREIRO DE 2022

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (Adv)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da Adv de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

Concelleira non adscrita

FLORINDA DUARTE GERPE

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretaria Accidental do Concello:

SONIA CAMPOS ARES

Non asiste

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 22:30

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:00 do luns 03 de xaneiro de 2021, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde mediante decreto 36/2022 do 03 de febreiro de 2022, reúnense en sesión 1/2022, extraordinaria, con contido de ordinaria e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

- 1.-** Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación (sesións 13/2021, ordinaria, do 25 de novembro de 2021 e sesión 14/2021, extraordinaria, do 03 de xaneiro de 2022)
- 2.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, da Deputación Provincial da Coruña.
- 3.-** Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2022, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.
- 4.-** Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno para a aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral .
- 5.-** Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno da corporación para denominar como rúa José Gestal Cardoña ao vial que vai dende a rúa Souto ata o final de dito vial.
- 6.-** Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno para aprobar o convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello no marco das actividades da



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

cátedra EMALCSA-UDC e conceder á FUAC unha subvención por importe de 7500€ co obxectivo de que se proceda a elaborar un documento estratéxico que facilite planificar as inversións e mellorar a xestión do saneamento.

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

7.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

8.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

9.-Rogos e preguntas.


Parte resolutiva da sesión

1.- Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación (sesións 13/2021, ordinaria, do 25 de novembro de 2021 e sesión 14/2021, extraordinaria, do 03 de xaneiro de 2022)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante), o señor alcalde pregunta se algún/ha membro/a do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións 13/2021, ordinaria, do 25 de novembro de 2021 e 14/2021, extraordinaria, do 03 de xaneiro de 2022.

Ao non realizarse ningunha observación, o señor alcalde somete a votación as actas e estas son aprobadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta.

2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, da Deputación Provincial da Coruña.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno do 31 de xaneiro de 2022 como segue:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE CARRAL NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2022, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

EXPOSICIÓN

Logo de ver os antecedentes do expediente como segue:

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data do 26 de novembro de 2021 aprobou as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”, que foron publicadas no BOP nº 228, do 30 de novembro de 2021.

Logo de ver que, mediante unha circular do 30 de novembro de 2021, se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada logo da aplicación dos criterios de reparto sinalados nas devanditas bases é a de 387.646,87 euros (Achega provincial 2022: 162.182,41 €; Achega provincial 2021: 213.300,78 €; Préstamo provincial 2022:12.163,98 €).

Logo de ver a base 5ª das reguladoras do POS+ 2022, na que se indica a documentación que se ha de remitir coa solicitude.

Logo de ver a “Memoria do Plan (POS+ 2022)” (Anexo II) asinada polo señor Alcalde con data do 28 de xaneiro de 2022.

*Logo de ver, en relación co **POS+ GASTOCORRENTE** o “informe sobre a previsión de gastos correntes para o exercicio 2022” (anexo IV), emitido pola Interventora do Concello con data do 19 de xaneiro de 2022, por importe total de 389.811,01 €.*

*Logo de ver, en relación co **POS+ OBRASSUM**, a documentación correspondente ás seguintes obras:*

1).-ACHEGA PROVINCIAL 2022 .

1.1) RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN: LA CARRETERA CP-2103 EN SERGUDE. CONCELLO DE CARRAL



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Logo de ver o **proxecto da obra** “RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DE ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN: LA CARRETERA CP-2103 EN SERGUDE”, suscrito polo enxeñeiro técnico industrial José Manuel Acemel Gómez (colexiado nº 3.207 COETICOR), con data de xaneiro de 2022, quen o asina electronicamente con data de 20 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A CORUÑA por realizarse a actuación na estrada DP2013 “de DP1708 a Sergude”

A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL Nº 202299900004193

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse a actuación no camiño inglés de Santiago.

A autorización se solicitou o día 26/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR Nº 202290000000135

O proxecto non precisa autorización, pero se realizou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022, co rexistro do SIR 202290000000150.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da substitución das luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED, nunha estrada do dominio público, e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por José Manuel Acemel Gómez, Enxeñeiro Técnico Industrial. colexiado nº 3207 do COETICOR, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos.

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

A obra proxectada consiste en, substitución das lámpadas por outras con tecnoloxía LED, se realizaran algún novo apoio de formigón armado

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público da Deputación de A Coruña, E DO Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico e solo de núcleo rural.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da substitución das luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED, en unha estrada do dominio público.

c) Características da actuación.

A obra proxectada consiste en, substitución das lámpadas por outras con tecnoloxía LED, se realizará algún novo apoio de formigón armado, e a realización de un centro de mando.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 33.542,78 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 48.298,25 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A CORUÑA por realizarse a actuación na estrada DP2013 “de DP1708 a Sergude. A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL Nº 202299900004193

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse a actuación no camiño inglés de Santiago. A autorización se solicitou o día 26/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR Nº 202290000000135



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O proxecto non precisa autorización, pero se realizou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022, co rexistro do SIR 202290000000150.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

f) Dispoñibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “RENOVACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ALUMEADO CON TECNOLOXÍA LED NA ESTRADA CP-2103 EN SERGUDE CARRAL” son a propia vía de dominio público, que resulta ser propiedade da Deputación de A Coruña, unha vez que se obteña a autorización de A Deputación, existirá completa dispoñibilidade dos terreos.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se someten os técnicos que subscriben este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto “RENOVACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE ALUMEADO CON TECNOLOXÍA LED NA ESTRADA CP-2103 EN SERGUDE CARRAL”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

*Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.*

*Logo de ver, por último en relación con este proxecto, **o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022** polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.*

1.2) MELLORA E HUMANIZACIÓN RÍO CANLES



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Logo de ver o **proxecto da obra** “Proyecto de mejora y humanización de la calle Belvís de Paleo-Carral”, suscrito pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana María García Mayo (colexiada 16.810), quen o asina electronicamente con data do 27 de abril de 2021.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui

A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 202290000000128

O proxecto non precisa autorización, pero se presentou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022 co rexistro do SIR 202290000000149.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaríaa problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura dunha rúa existente, e que está executado conforme aos planos das NSMP de Carral. Polo tanto os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obra

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por ANA M. GARCÍA MAYO. Enxeñeira de camiños, canais e portos, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

A obra consiste no fresado da capa de rodadura do pavimento existente nas zonas sinaladas no proxecto, para proceder á pavimentación de toda a calzada dentro do ámbito de actuación cunha capa de rodadura a base de pavimento asfáltico, realizado con mestura bituminosa continua en quente, con rega de adherencia

Actualmente a rúa ten dobre sentido de circulación, pero tras as actuacións previstas quedará limitada a un único sentido, unicamente poderá circularse en sentido de saída da N-550.

Na intersección con la N-550 existe unha marca viaria horizontal pintada na calzada a modo de illote para realizar o cambio de sentido; prevese a ampliación e consolidación do elemento mediante una



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

zona verde lixeiramente elevada do plano da calzada, rodeándoa dun empedrado de formigón que realice a transición entre o pavimento da calzada e a zona verde.

Tamén, se proxecta a creación de outras pequenas zonas verdes en diferentes puntos da rúa. Tamén se contempla a ampliación de la beirarrúa existente en lado norte hasta facela paralela a la aliñación oficial, y por tanto paralela ao lado sur. No extremo oeste de la actuación se modifica un paso de peóns existente para adaptalo á normativa vixente en materia de accesibilidade en espazos urbanos. Ademais, se contempla a creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación.

No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viarias lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, así como a correspondente sinalización vertical.

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo urbano do núcleo de Carral.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura da rúa existente, e que foi executada no seu momento de acordo ao sinalado nas NSMP do Concello de Carral, polo que se compre coa normativa urbanística que lle resulta de aplicación.

c) Características da actuación.

A obra consiste no fresado da capa de rodadura do pavimento existente nas zonas sinaladas no proxecto, para proceder á pavimentación de toda a calzada dentro do ámbito de actuación cunha capa de rodadura a base de pavimento asfáltico, realizado con mestura bituminosa continua en quente, con rega de adherencia Actualmente a rúa ten dobre sentido de circulación, pero tras as actuacións previstas quedará limitada a un único sentido, unicamente poderá circularse en sentido de saída da N-550.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Na intersección con la N-550 existe unha marca viaria horizontal pintada na calzada a modo de illote para realizar o cambio de sentido; prevese a ampliación e consolidación do elemento mediante una zona verde lixeiramente elevada do plano da calzada, rodeándoa dun empedrado de formigón que realice a transición entre o pavimento da calzada e a zona verde.

Tamén, se proxecta a creación de outras pequenas zonas verdes en diferentes puntos da rúa. Tamén se contempla a ampliación de la beirarrúa existente en lado norte hasta facela paralela a la aliñación oficial, y por tanto paralela ao lado sur. No extremo oeste de la actuación se modifica un paso de peóns existente para adaptalo á normativa vixente en materia de accesibilidade en espazos urbanos.

Ademais, se contempla a creación de un paso de peóns accesible na zona de inicio de la actuación. No proxecto tamén se recolle a reposición da sinalización horizontal existente, marcas viarias lonxitudinais, transversais e de prazas de aparcamento, así como a correspondente sinalización vertical.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 26.293,64 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 37.860,21 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui.

A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR 202290000000128 O proxecto non precisa autorización, pero se presentou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022 co rexistro do SIR 202290000000149.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de "PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA RÍO CANLE - CARRAL" son a propia rúa municipal río de Canles, no tramo entre a N550 e a rúa Jesús Manuel Méndez Bua, para este tramo aparece como un baleiro na cartografía catastral sen bens que se poidan certificar. A rúa río de Canles, tal e como se pode ver na ortofotografía aérea do ano 2003 (que se xunta a este informe) foi realizada con anterioridade á mencionada data, polo que os técnicos que subscriben este informe, consideran que o rúa é de dominio público do Concello de Carral, e existe dispoñibilidade para a normal execución das obras pretendidas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o “PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA RÍO CANLE - CARRAL”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.

Logo de ver, por último en relación con este proxecto, o **decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022** polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

2).-ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles).

2.1) MELLORA PEONIL RÚA ALCALDE JUAN SEIJAS

Logo de ver o **proxecto da obra** “Proyecto de mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas -Carral”, subscrito pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana María García Mayo (colexiada 16.810), quen o asina electronicamente con data do 20 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, por estar realizarse a obra na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tuy.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SIR N.º 202290000000145 e 202290000000146.

Non precisa de outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da humanización dunha rúa existente, que no planeamento xa figura como sistema viario, e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Ana María García Mayo, Enxeñeiro de camiños canais e portos Colexiada nº 16810 do COETICOR, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos.

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

Creación dunha plataforma única cun pavimento de formigón elevado con respecto ó resto da calzada, amplíase o longo da beirarrúa situada ao norte da actuación, cun pavimento continuo de formigón. A zona de circulación de vehículos é tamén de formigón.

Mantense a zona de aparcamento de vehículos en batería na zona sur da actuación, mellórase a sinalización horizontal e execútanse os traballos precisos para mellorar as condicións de accesibilidade.

Mellora do alumeadado público mediante a substitución dos farois da beirarrúa norte por uns máis axeitados para a iluminación do espazo peonil..

Na zona entre o acceso da Galiña Azul e o CEIP Vicente Otero Valcárcel dáse continuidade á nova beirarrúa deseñada de xeito que se amplía o longo do espazo peonil e, ao igual que na zona anterior, mellórase a sinalización e realízanse as actuacións precisas para dar cumprimento ás condicións de accesibilidade.

En toda a superficie afectada é preciso realizar obras para manter os servizos existentes, como é a mellora da recollida das augas pluviais ou o realce das arquetas e pozos existentes.

No relativo ao mobiliario urbano, colócanse dous bancos de formigón, dúas papeleiras e dúas xardineiras de fundición.

Mantense a varanda actual que protexe o desnivel existente na rúa e na finca colindante, na zona Norte, realizando sobre ela traballos de decapado e pintado.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez "

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: "(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo urbano do núcleo de Carral e cualificados como sistema viario.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da humanización dunha rúa existente, que no planeamento xa figura como sistema viario, e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra..

c) Características da actuación.

A obra consiste

Creación dunha plataforma única cun pavimento de formigón elevado con respecto ó resto da calzada, amplíase o longo da beirarrúa situada ao norte da actuación, cun pavimento continuo de formigón.

A zona de circulación de vehículos é tamén de formigón.

Mantense a zona de aparcamento de vehículos en batería na zona sur da actuación, mellórase a sinalización horizontal e execútanse os traballos precisos para mellorar as condicións de accesibilidade.

Mellora do alumeadado público mediante a substitución dos farois da beirarrúa norte por uns máis axeitados para a iluminación do espazo peonil.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Na zona entre o acceso da Galiña Azul e o CEIP Vicente Otero Valcárcel dáse continuidade á nova beirarrúa deseñada de xeito que se amplía o longo do espazo peonil e, ao igual que na zona anterior, mellórase a sinalización e realízanse as actuacións precisas para dar cumprimento ás condicións de accesibilidade. En toda a superficie afectada é preciso realizar obras para manter os servizos existentes, como é a mellora da recollida das augas pluviais ou o realce das arquetas e pozos existentes. No relativo ao mobiliario urbano, colócanse dous bancos de formigón, dúas papeleiras e dúas xardineiras de fundición. Mantense a varanda actual que protexe o desnivel existente na rúa e na finca colindante, na zona Norte, realizando sobre ela traballos de decapado e pintado.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 108.303,38 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 155.946,03 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, por estar realizarse a obra na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes dos rexistros do SIR Nº 202290000000145 e 202290000000146.

Non precisa de outras autorizacións sectoriais..

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “MELLORA PEONIL DA RÚA ALCALDE JUAN SEIJAS” son a propia rúa municipal Alcalde Juan Seijas, no tramo entre a N550 e a rúa do Castro, para este tramo aparece como un baleiro na cartografía catastral sen bens que se poidan certificar.

A rúa Alcalde Juan Seijas, tal e como se pode ver na ortofotografía aérea do ano 2008 (que se xunta a este informe) foi realizada antes do ano 2008, conforme ao proxecto de urbanización da UA3 que foi entregada ao do Concello de Carral, e existe dispoñibilidade para a normal execución das obras pretendidas.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o “PROXECTO DE MELLORA PEONIL DA RÚA ALCALDE JUAN SEIJAS”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 21 de xaneiro de 2022, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

2.2) REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO Y ESPACIOS ANEXOS

Logo de ver o **proxecto da obra** “Rehabilitación de pista polideportiva en Tabeaio y espacios anexos. Lugar Tarroeira-Tabeaio. Ayuntamiento de Carral”, subscrito pola arquitecta María Morán Castillo (colexiada nº 2.592 COAG), quen o asina dixitalmente con data do 20 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIONES

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por realizarse as obras na zona de afección do Castro de Tabeaio.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

A autorización solicitouse o 26/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR Nº 202290000000131 e 202290000000132. Non precisa outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

(No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc., deberá xustificarse que se trata dunha obra completa, no sentido de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral ou ao servizo correspondente, e que comprende todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.)

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da rehabilitación da pista polideportiva en Tabeaio e os seus espazos anexos, o que resulta ser o sinalado na MP das NSMP respecto terreos propiedade de Martin Cortes Cacheiro. Tabeaio, con fecha de aprobación definitiva de 29/04/1999, e polo tanto se cumpre co sinalado nas normas. Polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O proxecto ven redactado por MARÍA MORÁN CASTILLO, Arquitecta Colexiado 2592, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

A obra proxectada consiste en:

Reparación do acabado da pista deportiva, substitución de cerre perimetral da pista deportiva, rampla de acceso salvando cambio de cota, e no seu lugar se propón unha rampla construída integrada na propia superficie da beirarrúa.

Se proxecta a substitución da actual iluminación, por elementos luminosos modulares led.

Demolición de pequena edificación acaroada á pista deportiva e o murete de delimitación, e a retirada do voladizo de cubrición metálica existente nun lado da pista deportiva, Acondicionamento de soleira existente no campo da chave.

Tamén se contempla a instalación de mobiliario urbano (canastras, portarías de fútbol, bancos, etc.)

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O “proxecto de “REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO E ESPAZOS ANEXOS”, no Lugar de Tarroeira - Tabeaio, Carral, realizarase na parcela con referencia catastral 2089545NH5828N0000QT, que segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal en vigor, está nunha zona na que produzo unha MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NSP RESPECTO TERREOS PROPIEDAD DE MARTIN CORTES CACHEIRO. TABEAIO, con data de aprobación definitiva de 29/04/1999, e publicación no BOP NÚM 165, do 21/07/1999 e polo tanto está na seguinte delimitación de solo:

Solo Urbano do núcleo de Carral. Ordenanza ED (EQUIPAMENTO DEPORTIVO).

En aplicación do réxime transitorio da Lei 2/2016 (LSG), para os municipios con planeamento non adaptado será de aplicación o disposto na Disposición transitoria primeira da Lei, e segundo o disposto no apartado “2.a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.”

Os terreos están completamente urbanizados conforme ao planeamento polo que os terreos compren as condicións de solo urbano consolidado.

Así pois o solo está clasificado como solo urbano consolidado, e as condicións de uso son as establecidas na Ordenanza ED.

A ordenanza ED corresponde as Edificacións e instalacións deportivas, campamentos, centros de recreo e expansion, establecementos turísticos non residenciais de interés público, social ou comunitario, e anexos de servizo.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da rehabilitación da pista polideportiva en Tabeaio e os seus espazos anexos, o que resulta ser o sinalado na MP das NSMP, e polo tanto se cumpre co sinalado nas normas.

c) Características da actuación.

A obra proxectada consiste en:

Reparación do acabado da pista deportiva, substitución de cerre perimetral da pista deportiva, rampla de acceso salvando cambio de cota, e no seu lugar se propón unha rampla construída integrada na propia superficie da beirarrúa.

Se proxecta a substitución da actual iluminación, por elementos luminosos modulares led.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Demolición de pequena edificación acaroadada á pista deportiva e o murete de delimitación, e a retirada do voladizo de cubrición metálica existente nun lado da pista deportiva, Acondicionamento de soleira existente no campo da chave.

Tamén se contempla a instalación de mobiliario urbano (canastras, portarías de fútbol, bancos, etc.).

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 41.669,56 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 60.000,00 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por realizarse as obras na zona de afección do Castro de Tabeaio.

A autorización solicitouse o 26/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR Nº 202290000000131 e 202290000000132.

Non precisa outras autorizacións sectoriais..

f) Dispoñibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de proxecto de "REHABILITACIÓN DE PISTA POLIDEPORTIVA EN TABEAIO E ESPAZOS ANEXOS", no Lugar de Tarroeira - Tabeaio son as referencias catastrais 2089545NH5828N0000QT, e 2089531NH5828N0001KY, das que se xunta a certificación catastral.

Existe unha discrepancia entre o lindeiro oeste entre a realidade e a parcela catastral, pero que se pode comprobar na escritura da parcela, realizada ante o notario Rafael Benzo Sainz co número de protocolo 1630, no que se sinala a parcela de cesión ao Concello, e na que está anexa a representación gráfica da parcela que se cede e que coincide coa realidade. Polo tanto existe dispoñibilidade dos terreos para a normal execución da obra.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto de "REHABILITACIÓN DE PISTA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

POLIDEPORTIVA EN TABEAIO E ESPAZOS ANEXOS”, no Lugar de Tarroeira – Tabeaio, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

*Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.*

*Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.*

*Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 21 de xaneiro de 2022, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.*

*Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 27 de xaneiro de 2022 polo que se **resolve non dividir en lotes o investimento** obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.*

3).-PLAN COMPLEMENTARIO 2021. Inversións financeiramente sostibles (por un importe total mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado) .

3.1) RECUPERACIÓN DA PRAZA CAPELA

*Logo de ver o **proxecto da obra** “Recuperación da praza da Capela. Ayuntamiento de Carral”, subscrito pola subscrito pola enxeñeira de camiños, canles e portos Ana María García Mayo (colexiada 16.810), quen o asina electronicamente con data do 24 de xaneiro de 2022.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítese este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR202290000000142, 202290000000143 e 202290000000144

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar a actuación afectar ao ámbito dos elementos catalogados da Praza da Capela e do Monumento aos Martires.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR202290000000139, 202290000000140 e 202290000000141.

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña por estar a actuación na zona de afección da estrada DP1704 de Cambre a Carral

A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL 202299900004188.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a recuperación de unha praza, e que xa está executada sendo conforme coas NSMP de Carral, por estar os terreos cualificados como sistema viario. Polo tanto os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obra

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por ANA M. GARCÍA MAYO. Enxeñeira de camiños, canais e portos, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

Proxectase a elevación do nivel do pavimento da vía que atravesa a praza ata acadar o nivel do pavimento do resto a totalidade da praza situarase a un único nivele cun pavimento homoxéneo a base de baldosas de pedra granítica.

Xunto coa modificación do pavimento mellórase a sinalización e realízanse as actuacións precisas para dar cumprimento ás condicións de accesibilidade, así como a incorporación de elementos para a recollida de augas pluviais en forma de canle principalmente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Entre os traballos previstos está o desmontaxe de diferentes elementos de mobiliario urbano, farois existentes e a marquesiña da parada do autobús; proxéctase o traslado da parada do autobús cara o norte, cunha nova marquesiña de menor tamaño, gañando así superficie para o peón na praza.

Prevese a mellora do alumeadado público da praza mediante a instalación de novos farois con luminaria tipo LED cunha óptica dirixida ó espazo peonil para reducir a contaminación lumínica.

Outra das actuacións previstas é a de xerar pequenas zonas verdes con plantación de árbores e céspede co obxectivo de mellorar o ambiente urbano e facelo máis agradable para o peón.

Por último contéplase o ornato da praza mediante a colocación dunha fonte ornamental na zona leste da praza.

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo urbano do núcleo de Carral.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a recuperación de unha praza, que xa está executada sendo conforme coas NSMP de Carral, por estar os terreos cualificados como sistema viario VA.

Polo tanto os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obran segundo a normativa urbanística que lle resulta de aplicación.

c) Características da actuación.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Proxectase a elevación do nivel do pavimento da vía que atravesa a praza ata acadar o nivel do pavimento do resto a totalidade da praza situarase a un único nivele cun pavimento homoxéneo a base de baldosas de pedra granítica.

Xunto coa modificación do pavimento mellórase a sinalización e realízanse as actuacións precisas para dar cumprimento ás condicións de accesibilidade, así como a incorporación de elementos para a recollida de augas pluviais en forma de canle principalmente.

Entre os traballos previstos está o desmontaxe de diferentes elementos de mobiliario urbano, farois existentes e a marquesiña da parada do autobús; proxéctase o traslado da parada do autobús cara o norte, cunha nova marquesiña de menor tamaño, gañando así superficie para o peón na praza.

Prevese a mellora do alumeado público da praza mediante a instalación de novos farois con luminaria tipo LED cunha óptica dirixida ó espazo peonil para reducir a contaminación lumínica.

Outra das actuacións previstas é a de xerar pequenas zonas verdes con plantación de árbores e céspede co obxectivo de mellorar o ambiente urbano e facelo máis agradable para o peón.

Por último contéplase o ornato da praza mediante a colocación dunha fonte ornamental na zona leste da praza.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 116.463,20 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 167.695,36 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia por estar a actuación na zona de afección da estrada N550 A Coruña Tui.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000142, 202290000000143 e 202290000000144

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar a actuación afectar ao ámbito dos elementos catalogados da Praza da Capela e do Monumento aos Martires.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000139, 202290000000140 e 202290000000141.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña por estar a actuación na zona de afección da estrada DP1704 de Cambre a Carral.

A autorización se solicitou o día 25/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL 202299900004188.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “RECUPERACIÓN DA PRAZA DA CAPELA” son a propia praza municipal, que aparece como un baleiro na cartografía catastral sen bens que se poidan certificar.

A Praza da Capela, tal e como se pode ver na ortofotografía aérea do ano 2003 (que se xunta a este informe) foi realizada con anterioridade á mencionada data, polo que o técnico que subscribe este informe, considera que a praza é de dominio público do Concello de Carral, e existe dispoñibilidade para a normal execución das obras pretendidas.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para o “PROXECTO DE MELLORA E HUMANIZACIÓN DA RÚA RÍO CANLE - CARRAL”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

*Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.*

*Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 21 de xaneiro de 2022, coa seguinte *“Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”*.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2021 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

3.2) MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE A BREXA A VILAMOURO

Logo de ver o **proxecto da obra** “Mejora de la capa de rodadura de A Brexa a Vilamouro”, suscrito polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiada nº 1.810 COAT), quen o asina dixitalmente con data do 26 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais.

O proxecto non precisa autorización, pero se presentou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022 cos rexistros do SIR 202290000000153 e 202290000000154

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodaxe dunha estrada existente, e que foi executada conforme coas NSMP de Carral, por estar os terreos clasificados como solo de núcleo rural e como solo rústico e cualificados como sistema viario. Polo tanto os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obra.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

Se proxectan dúas actuacións, mellora da capa de rodaxe na zona de Vilamouro mediante mestura asfáltica en quente e pintado do vial en ambos marxes.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Se complementa la actuación coa limpeza das cunetas e pintado de marca viaria reflexiva.

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico e como solo de núcleo rural.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de un camiño existente, polo que se dá cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que “No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.” En este caso, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente, e ademais figura no planeamento.

c) Características da actuación.

A obra consiste en dúas actuacións, mellora da capa de rodaxe na zona de Vilamouro mediante mestura asfáltica en quente e pintado do vial en ambos marxes. Se complementa la actuación coa limpeza das cunetas e pintado de marca viaria reflexiva..

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 26.267,70 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 37.822,86 euros.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais.

O proxecto non precisa autorización, pero se presentou declaración responsable ante augas de Galicia o 27/01/2022 cos rexistros do SIR 202290000000153 e 202290000000154

Non se precisa outras autorizacións sectoriais..

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de "MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE A BREXA A VILAMOURO", é o propio camiño municipal de A Brexa a Vilamouro, que aparece parcialmente na referencia catastral 15021A014090130000RQ, da que se xunta a certificación catastral na que figurn como vías de dominio público, o resto do camiño aparece como valeiro na cartografía catastral, pero o camiño é existente como se pode ver na ortofoografía do ano 2003.

Polo tanto existe dispoñibilidade dos terreos para a normal execución da obra.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para a "MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE A BREXA A VILAMOURO", nos termos indicados neste informe. É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares "

Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.

Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **"informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado" (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

que se indica a data de 21 de xaneiro de 2022, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

3.3) MEJORA EN EL FIRME DEL CAMINO VECINAL SITUADO EN LA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA, ENTRE EL LUGAR DE SOUTO FIGUEROA Y EL PAZO DE VILASUSO.

Logo de ver o **proxecto da obra “MEJORA EN EL FIRME DEL CAMINO VECINAL SITUADO EN LA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA, ENTRE EL LUGAR DE SOUTO FIGUEROA Y EL PAZO DE VILASUSO.”**, subscrito pola arquitecta María Morán Castillo (colexiada nº 2.592 COAG), quen o asina dixitalmente con data do 14 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítense este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIONES

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar a actuación afectar ao ámbito do elemento catalogado Pazo de Vilasuso. A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000147 e 202290000000148.

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña por estar a actuación na zona de afección da estrada DP2104 de Carral a Meirama. A autorización se solicitou o día 26/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL 202299900004721.

O proxecto precisa da autorización de Augas de Galicia por estar a actuación na zona de policía de río.

A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000151 e 202290000000152.

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa. Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.

x Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodaxe dunha estrada existente, e que foi executada conforme coas NSMP de Carral, por estar os terreos clasificados como solo de núcleo rural e como solo rústico e cualificados como sistema viario. Polo tanto os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obra

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por MARÍA MORÁN CASTILLO, Arquitecta, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

OUTRAS CUESTIÓNS

A renovación, mediante a mellora do firme existente na pista que se corresponde ao percorrido desde a intersección ao sur do Pazo de Vilasuso coa estrada DP-2104 ata a intersección de Souto Figueira coa estrada DP-2104, ten un desenvolvemento de percorrido correspondente a 945,20 m, cun ancho variable, cun mínimo de 3.00 m e un máximo de 5.00 m aproximadamente.

Na vía situado ao oeste deste percorrido, acometeranse as mesmas intervencións para a súa correspondente renovación e rehabilitación de firme, con final na intersección coa entrada ou acceso á parcela de referencia catastral 15021A04000270, ten un desenvolvemento de percorrido correspondente a 199,65 m, cun ancho de 3.00 m.

Sendo un total de percorrido de 1.144,85 m, cun ancho medio duns 4 m aproximadamente.

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.

a) Clasificación e cualificación do solo.

O proxecto de “MELLORA NO FIRME DO CAMIÑO VECIÑAL SITUADO NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA, ENTRE O LUGAR DE SOUTO FIGUEROA E O PAZO DE VILASUSO”, Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico e como solo de núcleo rural.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de un camiño existente, polo que se dá cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que “No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.”

En este caso, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente, e ademais figura no planeamento.

c) Características da actuación.

A obra proxectada consiste en:

A renovación, mediante a mellora do firme existente na pista que se corresponde ao percorrido desde a intersección ao sur do Pazo de Vilasuso coa estrada DP-2104 ata a intersección de Souto Figueira coa estrada DP-2104, ten un desenvolvemento de percorrido correspondente a 945,20 m, cun ancho variable, cun mínimo de 3.00 m e un máximo de 5.00 m aproximadamente.

Na vía situado ao oeste deste percorrido, acometeranse as mesmas intervencións para a súa correspondente renovación e rehabilitación de firme, con final na intersección coa entrada ou acceso á parcela de referencia catastral 15021A04000270, ten un desenvolvemento de percorrido correspondente a 199,65 m, cun ancho de 3.00 m.

Sendo un total de percorrido de 1.144,85 m, cun ancho medio duns 4 m aproximadamente.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 46.261,29 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 66.611,64 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto precisa da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por estar a actuación afectar ao ámbito do elemento catalogado Pazo de Vilasuso. A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000147 e 202290000000148.

O proxecto precisa da autorización da Deputación de A Coruña por estar a actuación na zona de afección da estrada DP2104 de Carral a Meirama. A autorización se solicitou o día 26/01/2022, consta no expediente o xustificante do rexistro do SUBTEL 202299900004721.

O proxecto precisa da autorización de Augas de Galicia por estar a actuación na zona de policía de río. A autorización se solicitou o día 27/01/2022, consta no expediente os xustificantes do rexistro do SIR 202290000000151 e 202290000000152.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Non se precisa outras autorizacións sectoriais.

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “MELLORA NO FIRME DO CAMIÑO VECIÑAL SITUADO NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA, ENTRE O LUGAR DE SOUTO FIGUEROA E O PAZO DE VILASUSO”, son as referencias catastrais 15021A040090100000RX, 15021A040090090000RJ e 15021A040090110000RI, das que se xunta a certificación catastral nas que figuran como vías de dominio público. Polo tanto existe dispoñibilidade dos terreos para a normal execución da obra.

IV. Conclusións:

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto de “MELLORA NO FIRME DO CAMIÑO VECIÑAL SITUADO NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA, ENTRE O LUGAR DE SOUTO FIGUEROA E O PAZO DE VILASUSO”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

*Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.*

*Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.*

*Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 27 de xaneiro de 2022, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.*

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

3.4) MELLORA DA CAPA DE RODADURA DA CARRETERA DE BELVÍS DE PALEO A XALO

Logo de ver o **proxecto da obra** “Mejora de la capa de rodadura da Carretera de Berlvis de Paleo a Xalo”, subscrito polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez (colexiada nº 1.810 COAT), quen o asina dixitalmente con data do 27 de xaneiro de 2022.

Logo de ver o **informe técnico sobre o investimento (anexo V)**, emitido para o Concello con data do 27 de xaneiro de 2022 polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, segundo o cal “ (...)De acordo co esixido na Base 5.B.3.2 das reguladoras do Plan, emítase este informe técnico individual para o investimento indicado:

“AUTORIZACIÓNS

Este investimento non precisa autorización sectoriais.

SUPERVISIÓN TÉCNICA

Segundo o artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, non é preceptiva a supervisión técnica do proxecto

FASES, PARTES OU TRAMOS (OBRA COMPLETA)

Non é unha obra por fases, se trata dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

LOTES (marcar o que proceda)

Este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma:

Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

x Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

Outros motivos técnicos (especificar)

ESTUDO XEOTÉCNICO

Non é necesario realizar o estudo xeotécnico por resultar incompatible coa natureza da obra.

APTITUDE URBANÍSTICA

O uso para o que se solicita autorización non varía o uso existente xa que se trata da mellora da capa de rodadura nunha estrada existente e polo tanto os terreos son aptos urbanisticamente para a execución da obra.

COMPETENCIA DO REDACTOR DO PROXECTO OU PREGO

O proxecto ven redactado por Diego Manuel Rivas Rodríguez, Arquitecto técnico Colexiado 1810, e polo tanto conta coa competencia precisa para realizar o proxecto segundo o sinalado na Lei 12/1986, de 1 de abril, sobre regulación das atribucións profesionais dos Arquitectos e Enxeñeiros técnicos

INVESTIMENTOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

Este investimento non é relativo ao abastecemento de auga potable.

OUTRAS CUESTIÓNS

A obra consiste na mellora da capa de rodadura da estrada que sube ao Monte Xalo, mediante mestura asfáltica en quente de incluíndo a rega, e a limpeza das cunetas, e a sinalización da mesma .

É todo canto teño a ben informar.

En Carral, o arquitecto do Concello,

Félix Quijano Yáñez “

*Logo de ver, por outra banda, o **informe técnico xurídico** emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez e pola técnica de administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares, no que, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, se indica que: “(...) III. Consideracións técnicas e xurídicas.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

a) Clasificación e cualificación do solo.

Os terreos nos que se vai a realizar a actuación, realizarase en vías de dominio público do Concello de Carral, que transcorre por terreos clasificados como solo rústico.

b) Finalidade da actuación e uso.

O uso para o que se solicita autorización é para a mellora da capa de rodadura de un camiño existente, polo que se dá cumprimento ao sinalado no artigo 37 da LSG no que se indica que “No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.” En este caso, non se trata da apertura de un camiño, xa que o camiño é existente, e ademais figura no planeamento.

c) Características da actuación.

A obra consiste na mellora da capa de rodadura da estrada que sube ao Monte Xalo, mediante mestura asfáltica en quente de incluíndo a rega, e a limpeza das cunetas, e a sinalización da mesma.

d) Orzamento

O Orzamento de Execución Material é de 110.948,55 euros e o Orzamento de licitación (IVE 21% incluído) é de 159.754,82 euros.

e) Autorizacións sectoriais:

O proxecto non precisa autorizacións sectoriais.

f) Disponibilidade dos terreos

Os terreos precisos para a realización da obra de “MELLORA DE CAPA DE RODADURA ESTRADA DE BELVIS DE PALEO A XALO”, é o propio camiño municipal de Belvis de Paleo ao Xalo, que se corresponde coas referencias catastrais 15021A020090020000RB e 15021A044090050000RK, das que se xunta as certificacións catastrais nas que figuran como vías de dominio público.

Polo tanto existe disponibilidad dos terreos para a normal execución da obra.

IV. Conclusións:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Polo tanto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe; infórmase favorablemente a compatibilidade urbanística do proxecto para a “MELLORA DE CAPA DE RODADURA ESTRADA DE BELVIS DE PALEO A XALO”, nos termos indicados neste informe.

É todo canto temos a ben informar.

En Carral

O arquitecto do Concello A Técnica de Administración Xeral

Félix Quijano Yáñez Sonia Campos Ares “

*Logo de ver, asemade, o **informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (anexo VI)**, emitido o 28 de xaneiro de 2022 conxuntamente polo arquitecto D. Félix Quijano Yáñez, e pola Secretaria accidental do Concello.*

*Logo de ver a **memoria económica da Alcaldía sobre o investimento financeiramente sostible (anexo VII)**, na que se indica a data do 21 de xaneiro de 2022.*

*Logo de ver o **“informe da Intervención específico do investimento financeiramente sostible solicitado” (anexo VIII)**, emitido en relación con este proxecto pola Interventora do Concello, no que se indica a data de 27 de xaneiro de 2022, coa seguinte “Conclusión: O proxecto arriba indicado, cumpre os requisitos para ser considerado financeiramente sostible”.*

Logo de ver, por último, en relación con este proxecto, o decreto da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2022 polo que se resolve non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, con base nos informes técnicos que nel se detallan.

DEBATE

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que a alcaldía presentou ao pleno unha proposta para a participación do Concello de Carral no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+2022, da Deputación da Coruña, mais que o portavoz do grupo socialista, don Pablo Couto López, presentou a través do rexistro municipal unha emenda a esta proposta polo que primeiramente pasará a expoñer a proposta presentada por eles. O señor alcalde inicia a súa exposición dicindo que a proposta que levan non é unha proposta ideada por eles senón que é unha proposta realizada polos veciños e que



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

eles en nome dos veciños de Carral preséntana neste pleno. Continua dicindo que non é certo que sexan só obras que afecten só a parroquia de Paleo senón que se presentan proxectos para as demais.

O señor alcalde expón a achega provincial do POS+2022 e comeza facendo unha xustificación das obras incluídas na súa proposta:

- *“Iluminación do tramo de Sergude con tecnoloxía Led na estrada CP-2103 ao seu paso por Sergude”* o orzamento de execución material para esta obra é de 33.542,78€ e o orzamento con IVA engadido 48.298,25€ . A estrada CP-2103 na parroquia de Sergude conta con alumeado pero faise necesario a súa renovación para iluminar a vía adecuadamente e reducir a contaminación lumínica. Con esta obra acométese melloras nos niveis de iluminación , mediante a montaxe de novas luminarias. A execución das obras vai desde o albergue da ponte de Sergude co que non só cambiamos a led nas existentes senón que se amplía a zona iluminada, chegando á ponte. Prevese unha segunda actuación con axudas do IDAE, quedando un cadro de mando instalado na previsión de continuar na zona de Lavandeira. Xa se realizaron as correspondentes solicitudes de permiso a Augas de Galicia, Deputación e Patrimonio.
- *“Mellora humanización de río de Canles”*, orzamento material 26.293,64 euros, orzamento final 37.860,21€. Esta obra xa foi no POS+2021 e non se puido levar a cabo, polo que é xusto incluíla neste. Trátase dunha actuación moi necesaria xa que na actualidade atópase en mal estado e conecta dúas rúas principais do concello, a N- 550 e Manuel Méndez Búa. A obra consiste en aplicar un pavimento asfáltico de 5 cm de espesor. Na actualidade esta rúa ten dobre sentido, coas actuacións propostas terán un só sentido con saída á N-550, nesta saída colocarase unha isleta rodeada de adoquín de verde. Ademais proxectarase a creación de máis zonas verdes no principio da N-550, en ambos extremos, zonas de aparcamento na parte norte en diagonal e ampliación de beirarrúas . Na zona sur, todo ao longo zona axardinada, entre a beirarrúa e o vial. Tamén se solicitaron xa os correspondentes permisos a Augas de Galicia e Fomento.

A achega provincial 2021, neste apartado o investimento chega ao importe de 213.300,78 euros por parte da asignación e o investimento das obras é de 216.946,03 euros. As obras propostas son estas:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- *“Humanización e mellora peonil na rúa Juan Seijas”*, orzamento execución material 108.303,38 euros e importe de orzamento total de 155.946,03 euros. Trátase dunha actuación moi demanda por pais e veciños xa que dá acceso ao colexio e gardería. É a rúa máis transitada do concello polos viandantes, polo que os pais, a ANPA e os centros educativos ven necesaria a obra . A obra consiste nunha mellora peonil con ampliación das beirarrúas de acceso ao colexio. É unha zona parcialmente afectada polas actuacións que ten previsto fomento na N-550 pero non podemos esperar porque incumpriríamos co que os veciños demanda. Hai que arranxar o vial, ampliar a beirarrúa e humanizar a zona. Coa situación actual é difícil transitar dunha maneira normal en horas de entrada e saída do centro. Humanizar o acceso aos dous centros. Isto consiste en ampliación de beirarrúa, árbores, bancos e iluminación máis adecuada. Tamén se solicitaron as autorizacións pertinentes.
- *“Rehabilitación Pista Polideportiva Tabeaio e espazos anexos”*, orzamento de execución material de 41.669,56 euros e orzamento final de obra de 60.000 euros. Xa vén arrastrada do POS+2021, como a obra de río de Canles. Actualmente está nun deficiente estado de conservación, o que impide usala de maneira segura . Tabeaio leva dúas obras neste Pos. As obras consisten na reparación do peche perimetral das pistas, reparación do muro existe e colocación de alumeado. Xa se realizou a correspondente solicitude de autorización a Patrimonio.

Continúa o Sr. alcalde coa exposición das obras incluídas na súa proposta para solicitar ao abeiro do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña. Neste caso pasa a falar do Plan Complementario 2021, neste apartado o investimento chega ao importe de 431.884,68 euros. As obras propostas son estas:

- *“Recuperación da praza da Capela”*, orzamento de execución material 116.463,20 euros, orzamento final 167.695,36 euros. Trátase dunha petición de moitos veciños recuperar esta praza. Non afectaría ao proxecto do IDAE xa que recolle unha actuación sobre a marquesiña. Preténdese movela e poñer a un mesmo nivel toda a praza. Poñer un pequeno xardín con unha fonte ou estanque sen demasiado impacto visual e con iluminación adecuada. Querese volver a darlle uso á praza como foi sempre e non que sexa só un lugar de paso como é actualmente. Realizáronse as oportunas solicitudes de autorización a Patrimonio e Fomento. Aínda así preséntase no adicional porque quizais sexan máis prioritarias outras actuacións.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- *“Mellora de firme en camiño veciñal na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia , entre o lugar de Souto Figueira e Vilasuso”, orzamento de execución material 46.261,29 euros, orzamento final 66.611,64 euros. Trátase dun vial moi usado polos veciños xa que dá acceso á igrexa e pasa pola beira do Pazo de Vilasuso. As obras consisten nunha mellora da capa de rodadura e unha execución de cunetas de seguridade para canalizar as augas e facilitar o acceso á igrexa dunha maneira cómoda e segura. Solicitáronse as correspondentes autorizacións a patrimonio, Augas de Galicia e Deputación provincial.*
- *“Mellora de capa de rodadura estrada da Brexa a Vilamouro”, orzamento de execución material 26.267,70 euros, orzamento final 37.822,86euros. Trátase dun vial en mal estado . Actúase sobre unha distancia de 535 metros e consiste en mellorar a capa de rodadura. Solicitáronse as oportunas autorizacións a Augas de Galicia.*
- *“Mellora de capa de rodadura desde a estrada de Belvis de Paleo ao Xalo”, orzamento execución material 110.948,55 euros, orzamento total da obra 159.754,82 euros. Trátase dunha mellora da capa de rodadura, actúase desde o cruce da canteira ata o Xalo, nunha lonxitude de 2300 metros.*

Unha vez rematada a intervención por parte do Sr. alcalde, este dálle a palabra ao Sr. Couto para que introduza a emenda que presentou por rexistro o 08 de febreiro de 2022 co número de rexistro 202200000000158.

Transcríbese dita emenda a continuación:

“EMENDA AO PUNTO 2 DO PLENO 1/2022, EXTRAORDINARIA, 08 DE FEBREIRO DE 2022

En Carral, a 4 de febreiro de 2022, o que subscribe, Pablo Couto López, con DNI 76.366.695W, como portavoz do grupo municipal socialista e 2º Tenente de Alcalde, responsable da Concellería de Infraestruturas,

EXPÓN:

Vista a proposta efectuada por escrito na COMISIÓN INFORMATIVA PERMANETE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO-SESIÓN 1/2022, EXTRAORDINARIA, 03 DE FEBREIRO DE 2022, polo concelleiro do grupo socialista D. Jesús Cetina Mochales, na que propón por escrito e tamén da lectura á modificación da proposta de alcaldía ao pleno recollida no punto 2, do PLENO 1/2022, EXTRAORDINARIA, 08 DE FEBREIRO DE 2022, o cal di:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

“2. Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, da Deputación Provincial da Coruña.”

A Xustificación de esta modificación do punto dous do Pleno 1/2022 ven motivada polos seguintes feitos:

- 1. A obra recollida no proxecto MELLORA PEONIL NA RÚA ALCALDE JUAN SEIJAS-CARRAL, cun orzamento de 155.946.03€ para actuar nuns 102 m de rúa, solápase en gran parte da actuación co proxecto MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL E IMPLANTACIÓN DE GLORIETAS EN LA CARRETERA N-550, PP.KK 16+800 Y 17+720. TRAVESÍA DE CARRAL (A CORUÑA) que se está a redactar dende o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, por importe de 483.866,90€, axúntase Proposta de Orde de Estudio (POE), véxase Plano nº 2 da citada POE onde se pode comprobar que ambas actuacións ocupan practicamente o mesmo espazo.*
- 2. A construción desta rotonda, solicitada por esta Concellería de Infraestruturas do Concello de Carral ao Ministerio e que neste momento se está a redactar é fundamental para o calmado do tráfico na Travesía de Carral e a mellora da seguridade peonil especialmente no paso de peóns que da continuidade o itinerario peonil de Juan Seijas para cruzar a N-550, que é utilizado a diario por decenas de nenos, temos que recordar a perigosidade do mesmo no que se multiplican os atropelos, lamentablemente tamén con vítimas mortais, perigosidade que se soluciona coa implantación da glorieta, xa que este punto coincide co inicio da travesía carralesa, chegando os vehículos en moitos casos con alta velocidade.*
- 3. Gran parte da actuación na rúa Juan Seijas, vai ser recollida no proxecto financiado polo Ministerio de Fomento, como se pode comprobar no plano nº 2 da POE, sen ter que saír dos fondos locais, lembramos que alcaldía acaba de renunciar a unha subvención de 1,5 millóns de euros do IDAE por suposta falta de fondos, una inversión que si ía ampliar as estreitas beirarrúas de todo o pobo, de toda a travesía, moito máis perigosas debido ao altísimo volume de tráfico da N-550 e que tamén é utilizada, non pode ser de outra forma, polos nosos cativos ao acudir e saír do Colexio.*
- 4. Parte da obra de Juan Seijas tería que ser demolida ao realizar a rotonda, co malgasto de cartos públicos que este supón, vendo ademais os calendarios coincidentes.*
- 5. O calendario de ambas obras sería similar, xa que o Ministerio prevé un horizonte temporal de dous anos para executalas, tempo similar ao que lle levaría ao Concello, conseguir permisos, licitar, adxudicar, etc. Co cal non se axiliza esa mellora e si se poden perder os cartos do ministerio e retrasar a implantación da rotonda.*
- 6. Non se tivo en conta no proxecto o colexio Vicente Otero e a Galiña Azul, axúntase plano de planta do proxecto de Juan Seijas, onde se comproba que non se ten en conta o espazo intramuros do colexio Vicente Otero (propiedade municipal), moi interesante para ordenar sobre todo os autobuses escolares, que xeran tamén coa configuración actual caos e inseguridade na saída e entrada do cole. Tampouco se recolle ningún tipo de actuación diante da gardería Galiña Azul.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

7. *Non se contempla alternativas para a perda de prazas de aparcamento, sobre todo porque coa configuración proposta, o provisional dobre fila actual (especialmente se chove) xa non caberá fisicamente, xerando un caos de tráfico seguro.*
8. *Non existe unha planificación global de tódalas rúas do Alto do Castro, trátase de novo dun pequeno retal, que enciam, a priori, parece absolutamente disparado de prezo 155.946 euros para pouco máis de 100 m de calle.*
9. *Vese no expediente que se solicitaron permisos, precisamente ao Ministerio de Transportes, esperamos que este feito non vote ao traste a inversión prevista por este e non retrase a implantación tan necesaria das rotondas.*
10. *O proxecto non se elimina, nin se rexeita, xa que esta concellería e o grupo socialista e a primeiro en pelexar e realizar humanizacións en Carral, véxase Manuel Ferrol, e o sobre todo, véxase o Proxecto de Humanización da N-550, na que se conseguiu esa histórica subvención, rexeitada polo grupo de Alternativa dos Veciños, o proxecto apróbese como complementario para unha vez postos de acordo co Ministerio, realizar unha obra que de verdade humanice e ordene a rúa e os centros educativos.*
11. *A acumulación de escolares sobre todo á saída do colexio pola beirarrúa de Juan Seijas, ten unha solución provisional e inmediata, ata ter un proxecto adecuado e global, sería o estilo do feito nos Cantóns da Coruña durante a pandemia, isto é, eliminar a banda de aparcamento en liña, pasando a ter uso peonil e separada da calzada por xardinerías e bolardos, cun custe ademais moi escaso.*
12. *A nos proposta consiste en introducir na achega provincial 2021 o proxecto para a MELLORA DA CAPA DE RODADURA DA ESTRADA DO XALO, por un importe de 159.754,82€ para actuar nos 2,2 km desta estrada que actualmente está totalmente destrozada, co risco para a circulación que iso supón, sabendo ademais que si se segue a pospoñer esta actuación os custes cada vez serán máis elevados, a sinalización horizontal inexistente actualmente tamén mellora a seguridade desta vía amplamente utilizada.*
13. *Tamén se propón a MELLORA DA CAPA DE RODADURA DA ESTRADA DE VILAMOURO, por 37.822,45€ na achega provincial 2022, que presenta un moi mal estado, deixando para o complementario o substitución de LEDS no alumeado público en Sergude, xa que tamén neste caso é posible que cheguen liñas de axuda específicas.*

Xa que logo, PRESENTASE A SEGUINTE EMENDA á proposta de alcaldía ao Pleno recollida no punto dous do pleno-sesión 1/2022, extraordinaria, de 3 de febreiro de 2022.

O grupo municipal socialista somete a aprobación ou acordo do Pleno do Concello de Carral, a modificación da proposta de alcaldía recollida no punto dous que se basa no cambio de orde dos investimentos segundo as distintas achegas e plans complementarios do POS+2022, quedando como sigue:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamos provincial 2022”.

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes: 86.499,56€

B) Financiamento de investimentos:

<u>ACHEGA PROVINCIAL 2022</u>	<u>ORZAMENTO TOTAL</u>
MEJORA DE LA CAPA DE RODADURA DE A BREXA A VILAMOURO	37.822,85€
MEJORA Y HUMANIZACIÓN DE LA CALLE RÍO CANLE	37.860,21€
Subtotal investimentos achega provincial 2022	75.683,06€
<u>ACHEGA PROVINCIAL 2021</u>	<u>ORZAMENTO TOTAL</u>
MEJORA DE LA CAPA DE RODADURA DE LA CARRETERA DE BELVÍS DE PALEO A MONTE XALO	159.754,82€
REHABILITACIÓN PISTA DEPORTIVA DE TABEIAO E ESPACIOS ANEXOS	60.000,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2022	219.754,82€

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan anteriormente.

2. Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos	Orzamento
Financeiramente sostibles	subvencionable
MEJORA EN EL FIRME DEL CAMINO VECINAL SITUADO EN LA PARROQUIA DE SANTIAGO DE SUMIO, VAL DE BARCIA ENTRE EL LUGAR DE SOUTO DE FIGUEROA Y EL PAZ DE VILASUSO	66.611,64€
MELLORA PEONIL EN RÚA JUAN SEIJAS	155.946,03€

Denominación dos investimentos Orzamento



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<i>Financeiramente sostibles</i>	<i>subvencionable</i>
<i>RENOVACIÓN DE LA RED MUNICIPAL DEL ALUMBRADO CON TECNOLOGÍA LED EN: LA CARRETERA CP-2013 EN SERGUDE CARRAL</i>	<i>48.295,28€</i>
<i>RECUPERACIÓN DA PRAZA DA CAPELA NO CONCELLO DE CARRAL</i>	<i>167.695,36€</i>
TOTAIS	438.543,31€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía ou ao 2º Tenente de Alcalde e concelleiro de Infraestruturas para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

En Carral, a 8 de febreiro de 2022

Pablo Couto López

2º Tenente de Alcalde

Concelleiro de Infraestruturas

Portavoz Grupo Municipal Socialista

Incorpóranse a esta emenda varios anexos de difícil reprodución mais que non constan no expediente do pleno”

Toma a palabra Sr. Couto López para dicir que esta emenda vai reformular, modificar a proposta de alcaldía polos motivos que se recollen na mesma. As obras son as mesmas, ningunha se rexeita, só se redistribúen. A obra de Mellora peonil de Alcalde Juan Seijas, para actuar nuns



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

120 metros de largo, solábase en gran parte coa actuación co proxecto de Mellora de seguridade vial e instalación de glorietas da N-550, este proxecto recolle tamén unha glorieta para calmar o tráfico en todo o pobo e a entrada ao instituto, o cal segundo o Sr. Couto está sendo redactado polo Ministerio de Fomento. Continúa o Sr. Couto dicindo que este traballo estase facendo desde que entraron neste concello, traballando con deputados do grupo socialista en Madrid, traballando co Secretario de Estado ao que se lle chamou para facer esta obra, que agora está en redacción.

A construción desta rotonda solicitada pola concellería de Infraestruturas deste Concello ao Ministerio, e que en estes momentos se está redactando no propio ministerio co fin de calmar o tráfico na vila da travesía de Carral. Di o Sr. Couto que a mellora da seguridade peonil, especialmente no paso de peóns, ten incontinuidade co itinerario peonil na rúa Alcalde Juan Seijas para cruzar a N-550 que é usada por moitos nenos, e temos que recordar a perigosidade do mesmo, no que se multiplican os atropelos, algúns con mortalidade. Perigosidade que se solucionaría coa implantación da glorieta xa que neste punto coincide co inicio da travesía carralesa, chegando moitas veces os vehículos a moita velocidade. Gran parte desta actuación na rúa Alcalde Juan Seijas vaise recoller no proxecto, nos planos que se amosan pode verse que se solapan ambas actuacións. As actuacións están recollidas no proxecto o cal como se pode ver nos propios planos está financiado polo Ministerio de Fomento, sen que teñan que saír dos fondos locais. Continúa o Sr. Couto lembrando que esta alcaldía acaba de renunciar a unha subvención de 1,50 millóns do IDAE por unha suposta falta de fondos, unha inversión para ampliar as estreitas beirarrúas de todo o pobo polas que circula moita xente, moito máis perigosa que a rúa Juan Seijas, cun alto volume de tráfico, recordando que son dezaioito mil vehículos ao día e utilizada polos cativos para chegar ao seu colexio. Di o Sr. Couto que parte da rúa de Juan Seijas debería ser derruída para facer estas rotondas, co malgasto de cartos públicos que isto supón, podendo ser os calendarios coincidentes. Con relación ao calendario, di que a execución das obras sería de 2-3 anos, tempo similar que lle levaría ao Concello licitalas e aprobalas porque di que estas obras teñen que ser aprobadas neste pleno e posteriormente deben ser aprobadas na Deputación. Así que considera que o horizonte temporal mínimo sería duns 2 anos, polo que as obras se solaparían non só fisicamente senón temporalmente. Polo que ve ilóxico que coa falta de fondos que ten o Concello rexeite a subvención do IDAE e vaia a inverter onde o Ministerio de Fomento xa tiña pensado.

O Sr. Couto continua expoñendo que non se tivo en conta no proxecto o colexio Vicente Otero nin a gardaría da Galiña azul. Di o Sr. Couto que se amplían un pouco as beirarrúas diante do colexio pero non se soluciona o problema dos autobuses, xa que é un caos nas entradas e




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

saídas dos nenos. Segue o Sr. Couto manifestando que o espazo que hai entre os muros no Vicente Otero sería fundamental para proxectar unha actuación que racionalizase esa entrada e saída dos nenos aos autobuses. Non se contemplan alternativas para perda de prazas de aparcamento, sobretudo coa configuración proposta. Agora mesmo de forma provisional e sobretudo cando chove na saída do cole, os coches habitúan colocarse en dobre fila para recoller aos nenos, isto non pode ser xa que se produce un caos de tráfico. Continúa dicindo que non existe planificación global de todas as rúas do Alto do Castro, trátase de novo dun pequeno retal e a priori é disparado de prezo (155.000 euros para pouco máis de 100 m de rúa). Ben sei que nos expedientes se solicitaron permisos, entre outros ao Ministerio de Transportes, que é o que está a redactar este proxecto, esperemos que este feito non bote a tras a inversión prevista por este ente público e retrase a implantación das rotondas que é necesaria para o pobo. Deixa constancia de que o proxecto non se elimina nin se rexeita. Esta concellería e o grupo socialista é o primeiro en pelexar e realizar urbanizacións en Carral, xa sexa na rúa Manuel Ferrol ou co proxecto de humanización da N-550, na que se conseguiu esa histórica subvención rexeitada polo grupo de Alternativa dos Veciños. O proxecto en cuestión apróbbase como complementario unha vez postos de acordo co Ministerio. A saída dos escolares do colexio pola beirarrúa de Juan Seijas ten unha solución provisional e inmediata, ata ten un proxecto adecuado para toda a zona, de feito se fixo na zona dos Cantóns na Coruña durante a pandemia, colocaron unha serie de bancos nun carril para facelo peatonal. Neste caso sería eliminar a banda de aparcamento en liña, pasando a ser de uso peonil.

A proposta do grupo socialista consta en incluír na achega provincial 2021 o proxecto de Mellora de capa de rodadura da estrada do Monte Xalo para actuar nos 2,2 km desta estrada, que actualmente está destrozada e que supón un risco para a circulación, e ademais se se segue a pospoñer esta actuación os custos cada vez son máis elevados. A sinalización horizontal inexistente actualmente tamén melloraría a seguridade desta vía amplamente utilizada. Tamén se propón introducir a Mellora da capa de rodadura na estrada de Vilamouro por estar en moi mal estado, deixando para o complementario a substitución de Led no alumeadado publico de Sergude. É posible que tamén cheguen cartos en liñas de subvencións provinciais como a do IDAE polo que non entendo se para unha segunda fase se buscan axudas de Led, non sei porque para esta non se presentan tamén.

Por todo isto o Sr. Couto e o grupo que representa presentan a proposta ao Pleno que se transcribiu anteriormente e engade que coincidimos na rehabilitación da pista polideportiva de Tabeaio e espazos anexos e para o complementario quedaría a mellora do camiño veciñal situado en la parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia entre o lugar de Souto e o Pazo de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Vilasuso por estar a estrada en gran parte destrizada polos madeiristas, polo que pedimos novamente, que se pidan responsabilidades a estes e que se fagan responsables do que destruzaron. Esa é a súa proposta e sométea ao criterio deste pleno.


O Sr. alcalde, unha vez rematada a exposición do Sr. Couto, dálle a palabra ao Sr. Caamaño para que expoña a reunión que mantivo cos de Estradas, reunión ao que o Sr. Alcalde non asistiu por motivos de enfermidade.

O Sr. Caamaño expón que está de acordo en que a estrada que vai ao Xalo ten necesidade de que sexa amañada pero se o grupo de Alternativa dos Veciños lle deu prioridade a rúa Juan Seijas foi polos case 600 alumnos que todos os días teñen que ir ao colexio. Nunha reunión mantida co xefe de Demarcación de Estradas do Estado, don Ángel González del Rio expuxémoslle a proposta de humanizar esta rúa, xa que a obra que teñen previsto executar (a rotonda) dálle mais prioridade aos vehículos, onde incluso a marca con dous sentidos de circulación, e delimita aos viandante. Todo o contrario ao que nos queremos , como se pode ver nos planos.

Nesta reunión, di o Sr. Caamaño, falouse dos prazos de execución e concretouse no ano 2024-2025, tendo en conta como funciona a Administración Pública.

Outra premisa que se tivo en conta, segundo o Sr. Caamaño, foi que non se solaparan as obras. Que se puidera facer a rotonda e que se puidera dar un acceso comfortable as familias. Como se pode ver no plano só hai una pintura que se solapa. No hai nada que demoler. So é pintura de vial. Sempre tivemos en conta o colexio e a gardería. Reunímonos en numerosas ocasións con dirección e Anpas e atendimos sempre as súas peticións: houbo actos vandálicos e instalamos cámaras, a parte de atrás das casas dos profesores eran unha selva e convertémola nunha zona de acceso a vivendas moi comfortable, colocamos unha marquesiña para que os pais e as nais non se mollaran ao ir recoller os nenos e nenas, creamos parcelas para que os nenos poidan baixar cando van as áreas de merenda, creamos un bica e arrinca que foi un éxito e estamos a espera dunha reforma do pavillón que é unha mellora considerable. Temos en proxecto a iluminación e o peche perimetral da pista en fronte ao colexio, a creación de zonas verdes de aparcamento na rúa do Castro e intentar dar outra entrada a galiña azul.

O Sr. Caamaño continúa aclarándolle ao Sr. Couto que a subvención da N-550 se rexeitou por falta de financiación, non porque quixera Alternativa dos Veciños. Cando se lle preguntou por correo electrónico cales foran os seus logros respecto ao tema da financiación de subvencións vostede non dixo nada, porque sabía que non se podía aceptar esa subvención. Tamén podemos



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

acollernos ao que nos manda o Sr. Mouriño, deixou o 37% hipotecado ao concello podíalo deixar ao 75% , non sei cal era a mellor opción.

Por alusións intervén o Sr. Couto pero o Sr. Alcalde o interrompe dicindo que no seu debate xa lle poderá contestar ao Sr. Caamaño, dando paso á Sr. Duarte.

A Sra. Duarte intervén dicindo que xa na Comisión Informativa votou en contra do proxecto do alcalde porque lle parece tirar os cartos e a parte de tirar os cartos pois parécelle mentirille aos veciños. Considera que lles menten aos veciños reiteradamente e non son conscientes de que o fan neste salón de plenos, fano na radio dicíndolles aos veciños que non querían, cando rexeitaron a subvención da nacional, hipotecar este POS, porque todas as parroquias tiñan dereito. Vostedes non querían hipotecar estes cartos, e agora vexo persoalmente que non lle doen estes cartos para nada, cando vostede, Sr. alcalde, di textualmente que hai obras que xa foron incluídas no POS do ano pasado e agora as volven incluír neste, pois aí eu xa me perdo, pois está claro que vostede non recorda o que estivo a facer o ano pasado por estas épocas. Pasa o tempo e a xente esquecese e vostedes tamén esquecen. Segundo as palabras do concelleiro de Obras e Servizos, son uns 600 alumnos os que transitan diariamente, 600 alumnos que repite de maneira reiterada. Eu penso que deses 600 alumnos que di non viven todos en Carral, só os que viven aquí son os que o transitan. Estou de acordo co Sr. Couto que neses 100 metros non hai un perigo inmenso. Non se pode esaxerar dese xeito, plantexan unhas obras que son tirar cos cartos pois cando foi o plan Zapatero decidiuse arranxa esa rúa que é certo que se debe arranxar o firme novamente pero dicir que é tan necesario, non o vexo necesario. Considera máis necesario o que aporta o Sr. Couto, a estrada que vai ao Xalo que foi feita no tempos de Vales e que circula moita xente. Paréceme interesante tamén o alumbeado da zona de Sergude e se ben se deixa para o complementario a recuperación da praza da Capela, hai que ter narices para facer isto. Vostede Sr. Alcalde ten unha proposta brillante, fágome a idea de cantos veciños de Carral lle piden que lle quiten a marqueseiña, a parada de taxis ou subir o piso do zócalo enorme tanto na esquina do Eroski como diante da farmacia. Agora, pregunta a Sra. Duarte, é necesario na praza da capela cambiar a marquesiña?, poñer unha fonte?, cortar o magnolio? pregúntolle. Vin o proxecto é o único que é necesario é cortar o magnolio e repoñer as baldosas que están rebentando.

Neste momento o Sr. Alcalde interrompe a Sra. Duarte esixíndolle que se limite ao tema, trala insistencia da Sra. Duarte de introducir temas que non teñen que ver, definitivamente o Sr. Alcalde chámaa á orde.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

A Sra. Duarte fai referencia que nos últimos dezaseis anos fixéronse inversións na Praza da Capela por importe de tres centos ou catro centos mil euros. Considera que as reparacións que se pretende facer na Praza da Capela son para facerlle un favor a un amigo, familiar o coñecido da volta, xa que dubido que ao resto dos veciños se lle pase pola cabeza esta obra. Considera que o Sr. alcalde vai na liña perfecta de ser un ditador e o mellor alcalde da historia de Carral.

O Sr. alcalde pídlle a Sra. Duarte que se limite aos temas e que faga o favor de non insultalo chamándoo ditador.

A Sra. Duarte continua a súa intervención coa obra da pista deportiva de Tabeaio dicindo que cando votaron a favor disto poderíamos ter sido máis ambiciosos e cubrir a pista polideportiva e agora evidentemente para reparar o que hai alí fan falta os 60.000 euros, é parécelle correcto.

A Sra. Duarte amósase a favor da proposta presentada polo Sr. Couto e alégrese de que teña o sentido común que lle falta a este goberno. Considera que este goberno quere gobernar só e parécelle correcta a proposta que presenta o Sr. Couto e maniféstalle que conta co seu apoio.

O Sr. Alcalde agradece a intervención a Sra. Duarte e dálle a palabra ao Sr. Couto por alusións. O Sr. Couto aclara que non son 600 alumnos, porque moitos van no bus, fundamentalmente nesta emenda se acompaña un documento que se chama " proposta de orde do estudo" redacto por Demarcación de Estrada onde hai un plano onde marca Fomento os ramais que conectan con esa glorieta. Entón como se ve nos planos coinciden ao 100% e non me parece lóxico que o Concello de Carral e o concelleiro de Servizos diga que o horizonte temporal de Fomento é o ano 2024-2025, que eu saiba estamos nos 2022 e eu dixen que o tempo para desenrolar esta rúa eran dous tres anos, o tempo é igual. Non me parece lóxico que se invirtan 155.000 euros nunha zona que se é tan perigoso se pode poñer solución xa eliminando a zona de aparcamento da dereita cara a N-550, colocar unhas xardineiras e uns boloardos e pódese circular igual que fixo o Concello da Coruña nos Cantóns. Sigo dicindo que por favor digan a verdade e afirma que había financiación en alusión de novo ao proxecto do IDAE.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo ao Sr. Couto que se limite a falar do POS e dálle a palabra ao Sr. Fernandez Mouriño.

O Sr. Fernández Mouriño comeza dicindo que se está falando de humanización, é dicir, darlle prioridade ao peón sobre o coche. Humanización foi o que se expuxo nos meses pasados,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

incluso todo ano 2021, falarmos dun proxecto ambicioso, un proxecto de 1.800.000 euros no que o Concello de Carral aportaba 300.000 euros, no que se incluía estas dúas obras de Praza da Capela e Rúa de Juan Seijas. Non hai 600 nenos no Vicente Otero Valcarcel , hai 467 nenos , e moitos collen o bus porque hai 11 liñas de bus que están rotando continuamente. Si é certo que é necesario a seguridade vial de cara ao peón.

Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que non entende porque non se cumpre a lei e non se teñen os orzamentos e se teñen que prorrogar. Nos meses de outubro, novembro, decembro, etc vostedes tiñan maioría suficiente para aprobalos. Nesa resolución de alcaldía de prórroga o Concello de Carral ten un aforro neto deste ano 2021 de 362.871,84 euros, estamos falando de que non había diñeiro para facer fronte a obra do IDAE cando non é certo. Estase falando de que o Concello de Carral estaba endebedado en 3 millóns e algo de euros e tampouco é certo. O Concello tiña un nivel de endebedamento de 1.224.200.07 euros segundo o informe realizado pola intervención co que vostede inicia o 2022, polo que non pode dicir, en alusión ao Sr. alcalde e ao equipo de goberno, que non pode facer o proxecto do IDAE argumentando que non hai diñeiro.

Continúa dicindo o Sr. Mouriño que en todos os anos que leva en política nunca o grupo popular votou en contra de ningunha obra porque consideramos que sempre se buscaría o entendemento para priorizar as obras que máis falta fan. Comentaba a Sra. Duarte da obra na Praza da Capela na cal molesta a marquesina. A marquesina fixerose no seu día para poder incluírnos no transporte metropolitano, podería reducirse sen risco de que nos voten do transporte metropolitano. Antes tiña que cumprir unhas medidas e unhas condicións para poder entrar no transporte metropolitano. Fomos dos primeiros en entrar, igual que Cambre, Culleredo, Oleiros e Arteixo. Coincido coa Sr. Duarte en que o problema da Praza da Capela é o magnolio. Se a marquesiña nos lles gusta, se é moi grande para o entorno e é para gañar visibilidade, córtentlle os barrotes e queda a marquesiña un pouco doutra maneira. Non gastar tanto diñeiro para quitar os taxis que por certo non sabemos onde os pon xa que na memoria non fala onde van ir.

Fai un momento falaba o Sr. Couto que no Concello da Coruña, na zona dos Cantóns, onde se entende que é centro neuráxico da Coruña, hai taxis no medio e medio, non é agradable telos no medio e medio, pero son un servizo público e deben estar situados nun espazo céntrico. Pero neste caso vostedes na memoria non deixan claro onde van ir.

En referencia ao comentado pola Sra. Duarte en relación cun gasto duns trescentos e pico mil que se gastaron na praza da Capela, iso nunca se fixo, eses cartos non se gastan na Praza da Capela, gastáronse 87.000 euros. Di o Sr. Fernández Mouriño que cando gobernaba o PP, buscabamos financiación por outro lado, xa que o plan de obras e servizos é para obras



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

esenciais que afectan aos veciños que temos na zona do Xalo, que levan desde que se montou a canteira de Canarga , rebacheando esa zona. Por alí suben e baixan moitos coches, é unha estrada perigosa porque non é demasiado ancha, ademais de que a névoa e as xeadas fan que esa estrada necesite unha atención especial e agora é o momento, diso se trata o POS.

Continúa dicindo o Sr.Mouriño que é xusto recuperar a rúa de Rio de Canles, di que é certo que alí se fixo unha media lúa que funciona ben porque se pode dar a volta pero ao mesmo tempo hai que aproveitar que hai que urbanizar as zonas e trátase da entrada ao concello, pois deámoslle certa envergadura. Estamos a falar de trinta e pico mil euros no mesmo tramo que podemos falar de Juan Seijas, e penso que vai quedar tan ben ou mellor e iso si é a seguridade vial.

O ano anterior díxoselle ao Sr. alcalde que debía ser ambicioso porque hai un proxecto no Concello do cal teño unha copia aquí , no cal se fala de facer unha polideportiva, como a que hai en Castelo, como a de Celas en Cambre, facer unha pista cuberta, respectando o Castro de Tabeaio que é propiedade do concello, facer unha pista decente e ser máis ambiciosos e non meter 60.000 euros xustos, que ademais esas cantidades cando son importes xustos é porque se lle di ao proxectista que non meta máis desa cantidade. Penso que a proposta do Sr. Couto é xenerosa porque lle da máis cartos para gastos correntes que os que tiña previsto. En conclusión, a pista de Tabeaio parécenos ben , todo o que sexa obra parécenos ben.

Estamos de acordo con todas as obras, pero nesta de Juan Seijas onde incluso se pregunta o Sr. Couto se é realmente unha necesidade imperiosa, elimínase nesa zona norte onde aparcan 10 coches, elimínanse eses aparcamentos provisionalmente mentres non se faga a obra da rotonda. Paréceme ben facer esa rotonda aínda que sexa unha ostentación facer a rotonda onde o instituto, xa que me parece máis necesaria facer a rotonda de Castelo e incluso a que ven da N-550 que é moi perigosa, incluso a que esta onde a gasoleira pois esa intersección é moi perigosa. Todo o que sexan obras, benvidas sexan. Vamos facer a proposta das obras, que son as mesmas, non estamos a eliminar ningunha , é unha pena que non haxa un seguimento. Politicamente, di o Sr. Mouriño, pensaba cando empezaron no ano 2019 e presentaron un proxecto do 2020 que ían a ser un equipo de goberno difícil , que o PP tiña difícil recuperar a alcaldía porque van realmente por onde son as necesidades e prioridades. Di en referencia ao equipo de goberno, que iniciaron o saneamento por San Vicente e teñen a 1ª fase rematada, no ano 2021 presentan a segunda fase e polo que vexo non están cumprindo e seguro que os veciños como dixo a Sr. Duarte esquecelles que en San Vicente necesitaban unha rede de sumidoiro pero non llo volveron a pedir e por iso agora fan estas grandes obras faraónicas que alguén dixo un día.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Teña unha cousa en conta, eu non son enxeñeiro nin arquitecto pero estiven vendo as medicións das obras. Estiven vendo o que é un metro cubico de formigón, o que é un metro cadrado de bituminoso, e hai diferencias en formigón de 23 cm nos proxectos que presentan para praza de Capela e para Juan Seijas, que costan 39,81 euros, e o mesmo formigón que se presenta noutra obra feita por outro técnico do concello é a 10,25 euros, iso é unha incongruencia. Na obra de Juan Seijas meten un farol de 5000 euros, non sei porque xa que non sei que vai facer ese farol, e mete tres farois con un custe de 2400 euros cada unha, penso que iso non é humanizar é máis que humanizar. Por iso, o Sr. Mouriño dille ao equipo de goberno que pensen un pouco máis as obras necesarias.

Pregunta o Sr. Mouriño se a pista de Vilamouro é unha obra necesaria xa que el considera que tampouco ten os fochancos grandísimos. Segue dicindo que a pista de Vilasuso tampouco ten uns baches grandísimos. Non demonicemos aos madeiristas porque compran a madeira dos veciños os cales queren vender o monte porque vendendo recuperan poder adquisitivo que poden repartir coas súas familias ou poden gastalo para eles.

Falando de ser xustos, manifesta o Sr. Mouriño, que cre, sen excluír ningunha obra, salvo o que é o saneamento de San Vicente que considera necesaria, van votar a proposta do partido socialista porque consideran que son máis necesarias as obras que se plantean como pode ser a do Xalo, a estrada desde o cruce de Canarga ao Xalo, porque ten moita necesidade e por seguridade vial.

O Sr. Alcalde agradece a intervención do Sr. Mouriño e sen máis intervencións procédese á votación da proposta presentada pola alcaldía.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta da alcaldía, esta non é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral; votos en contra dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, da concelleira non adscrita e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE; abstencións cero).

Procédese agora á votación da emenda presentada polo grupo socialista co seguinte resultado:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a emenda do grupo socialista, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, da concelleira non adscrita e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE; votos en contra dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral; abstencións cero). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	86.499,56€
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	-
Subtotal gasto corrente	86.499,56€

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello		
Mellora da capa de rodadura da Brexa a Vilamouro	37.822,64€	0,22€	-	0,22€	37.822,86€
Mellora e humanización da rúa río Canle	37.860,21€	0,00€	-	0,00€	37.860,21€
Subtotal investimentos achega	75.682,85€	0,22€	-	0,22€	75.683,07€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

provincial 2022					
-----------------	--	--	--	--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora da capa de rodadura da estrada de Belvís de Paleo a Monte Xalo	153.300,78€	6.454,03€	-	6.454,03€	159.754,81€	
Rehabilitación pista deportiva de Tabeaio e espazos anexos	60.000,00€	0,00€	-	0,00€	60.000,00€	
Subtotal investimentos achega provincial 2021	213.300,78€	6.454,03€	-	6.454,03€	219.754,81€	

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
-	-
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	-

D)Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE	Total concello	
			Soportado deducible (só abastecem.auga potable)		
Achega 2022	86.499,56€	0,00€	-	0,00€	86.499,56€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

A- GASTOS CORRENTES	<i>Achega 2021 (Excep. Base 2.1)</i>	-	0,00€	-	0,00€	
B- INVESTIMENTOS	<i>Achega 2022</i>	75.682,85€	0,22€	-	0,22€	75.683,07€
	<i>Achega 2021</i>	213.300,78€	6.454,03€	-	6.454,03€	219.754,81€
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	<i>Préstamo 2022</i>	-	-	-	-	-
	<i>Achega 2022</i>	162.182,41€	0,22€	-	0,22€	162.182,63€
	<i>Achega 2021</i>	213.300,78€	6.454,03€	-	6.454,03€	219.754,81€
	<i>Préstamo 2022</i>	-	-	-	-	-
	TOTAL	375.483,19€	6.454,25€		6.454,25€	381.937,44€

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata <i>(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable)</i> (A)	IVE soportado deducible <i>(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable)</i> (B)	Orzamento subvencionable <i>(encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento)</i> (C= A-B)
<i>Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso</i>	66.611,64€	-	66.611,64€
<i>Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas</i>	155.946,03€	-	155.946,03€
<i>Renovación da rede municipal de alumeado con tecnoloxía LED na estrada CP-2013 en Sergude Carral</i>	48.298,25€	-	48.298,25€
<i>Recuperación da Praza da Capela no concello de Carral</i>	167.695,36€	-	167.695,36€
TOTAIS	438.551,28€	-	438.551,28€

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía ou ao 2º Tenente de Alcalde e concelleiro de Infraestruturas para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.-Proposta da Alcaldía ao Pleno para a participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2022, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno do 31 de xaneiro de 2022 como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2022, da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Logo de ver que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de novembro de 2021, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2022", que se destina aos 93 concellos da provincia, e que nelas, xunto co POS+2022, régúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de **gastos sociais extraordinarios**.

Logo de ver que, mediante unha circular do 14 de decembro de 2021, se comunicou ao Concello de Carral que a cantidade que lle foi asignada para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 é a de 56.763,85€.

Logo de ver que, mediante unha nova circular do 10 de xaneiro de 2022, sobre instrucións a seguir no POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

Logo de ver o "Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 (ANEXO XVI)" emitido pola Interventora do Concello, con sinatura electrónica do 21 de xaneiro de 2022, cunha estimación do gasto a financiar polo Concello por importe de 123.980,80 €.

Logo de ver que, segundo a base 12.4 das que regulan o Plan "As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta deputación, iniciárase o luns 13 de decembro de 2021 e rematará ás 15.00 horas do venres 11 de febreiro de 2022 (...)".

Á vista de todo o que antecede, segundo as bases que regulan o POS+ 2022 e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte o seguinte

ACORDO

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 1/2022**" da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL 1/2022	56.763,85€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicita do)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axili- zar a atención social profesional ne- cesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	23.292,48€	0,00€	23.292,48€
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p>	10.000,00€		10.000,00€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<p><i>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</i></p>			
<p><i>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</i></p> <p><i>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i></p>	<i>337.684,32€</i>	<i>246.996,00€</i>	<i>90.688,32€</i>
<p><i>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</i></p>			
<p><i>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</i></p>			
<p><i>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas</i></p>			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<i>especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</i>			
<i>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i>			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	370.976,80€	246.996,00€	123.980,80€
<i>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i> <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			
<i>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</i> <i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			
SUBTOTAL GASTOS INCREMENTOS			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

TOTAL	370.976,80€	246.996,00€	123.980,80€
--------------	-------------	-------------	-------------

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*”

DEBATE

O Sr. alcalde pregunta se alguén quere debater sobre este punto ou se se procede a votación.

A Sra. Duarte quere saber si eses 10.000 euros veñen destinados ou se o Concello xustifica que hai eses 10.000 euros para emerxencia social .

O Sr. alcalde aclara que veñen destinados para persoas e familias en risco de exclusión social.

A Sra. Duarte pregunta se a Deputación aporta 10.000 euros para familias con necesidades e se ademais o Concello dispón dunha partida de 20.000 para a mesma finalidade.

Intervén a Sra. secretaria accidental para aclarar que dentro dos cincuenta e pico mil euros que concede a Deputación, a través da proposta da Alcaldía que se fai se solicita que 23.292€ para reforzo de persoal, dez mil euros para axudas de emerxencia social e os trescentos trinta e sete de axuda a domicilio que se poderá xustificar ata os cincuenta e pico.

A Sr. Duarte agradece a aclaración por parte do Sr. alcalde e por parte da secretaria accidental do Concello.

Intervén o Sr. Mouriño dicindo que a Deputación para este ano 2022 aporta menos da metade do ano anterior, esperemos que se vaia incorporando remanente sen que se quite partida dun plan para axudar aos concellos no benestar das nosas persoas maiores con dependencia da situación precaria. Volve incidir o Sr. Fernández Mouriño na necesidade de aprobar os orzamentos para o ano 2022 e que teñan en conta que van a haber unhas partidas adicionais por parte da Deputación e que vaise incrementar esta cantidade para servizos sociais.

VOTACIÓN E ACORDOS



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ ADICIONAL 1/2022"** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL 1/2022	56.763,85€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE IN- GRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicita do)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axili- zar a atención social profesional ne- cesaria en	23.292,48€	0,00€	23.292,48€



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<p><i>situacións de risco para persoas vulnerables.</i></p> <p><i>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</i></p>			
<p><i>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</i></p> <p><i>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</i></p>	<p>10.000,00€</p>		<p>10.000,00€</p>
<p><i>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</i></p> <p><i>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a</i></p>	<p>337.684,32€</p>	<p>246.996,00€</p>	<p>90.688,32€</p>



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<i> cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>			
<i> d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</i>			
<i> e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</i>			
<i> f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</i>			
<i> g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i>			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	370.976,80€	246.996,00€	123.980,80€
<i> h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten</i>			



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

<p><i>este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</i></p> <p><i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i></p>			
<p><i>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</i></p> <p><i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i></p>			
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTOS			
TOTAL	370.976,80€	246.996,00€	123.980,80€

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno para a aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral

O Sr. alcalde expón o ditame da Comisión de Asuntos Xerais que deseguida se transcribe:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día 03 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte DITAME :

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Proposta da Alcaldía ao Pleno de aprobación definitiva do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral.

Logo de ver que a Lei 3/2007, do 09 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, entre outras cuestións, define a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa como o conxunto de parcelas lineais do territorio estratexicamente situadas onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal mediante técnicas silvícolas idóneas con obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Tendo en conta que na mesma Lei 3/2007 se estrutura a defensa contra os incendios forestais nos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais a nivel autonómico, de distrito e municipal e se establece que o concello é o competente para elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, adoptar as medidas de prevención de incendios, ordenar a execución das obras necesarias para manter a biomasa vexetal en condicións axeitadas que eviten incendios e as execucións subsidiarias de faixas de xestión de biomasa.

Logo de ver que o Concello de Carral se adheriu o 3 e xuño de 2019 ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A (en diante Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Tendo en conta que con data do 19 de outubro de 2020, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural, remitiu ao Concello o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral elaborado por Seaga en setembro de 2020.

Logo de que o pleno da corporación municipal, na sesión ordinaria do 26 de novembro de 2020, acordase aprobar inicial o borrador do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral para o seu sometemento a información pública.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Unha vez sometido o mesmo a información pública trala preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 210, do 9 de decembro de 2020, sen que se presentaran alegacións durante os vinte días hábiles outorgados ao efecto, aprobouse provisionalmente o mencionado plan polo pleno da corporación na sesión extraordinaria (con contido ordinario) realizada o 4 de febreiro de 2021 remitindo dito acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte para a emisión do informe preceptivo e vinculante necesario para a aprobación definitiva.

Logo de que con data do 30 de marzo de 2021 se emitise informe preceptivo e de carácter vinculante sobre o devandito plan asinado polo Director xeral de Defensa do Monte ao abeiro do establecido no artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia só cabe por parte deste Concello aprobar definitivamente o mesmo segundo o disposto no artigo 22.2.c) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e nos artigos 7.a) e 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios de Galicia.

Para tal fin, con data do 28 de xaneiro de 2022, os servizos municipais medioambientais emiten informe no que se indica que “o plan cumpre cos requirimentos mínimos establecidos na Lei 3/2007 e demais normativa aplicable e que compete a aprobación final do mesmo”.

*Por todo o anteriormente referenciado, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes **ACORDOS***

1.- Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral de setembro de 2020 elaborado por Seaga no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2.-Remitir á Dirección Xeral de Montes certificación relativa ao presente acordo para que as faixas delimitadas no Plan pasen a ter a consideración de definitivas e poidan ser amosadas no visor público.

3.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica municipal.”

DEBATE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O Sr. Alcalde dálle a palabra aos señores concelleiros para que se manifesten neste punto.

A Sra. Duarte manifesta que está de acordo con este convenio, que xa votou a favor na comisión informativa.

O Sr. Couto non ten nada que aportar.

O Sr. Mouriño expón que espera sexa esta a ratificación definitiva xa que levamos dende o ano 2017-2018 coa aprobación inicial. Manifesta que debemos ser consecuentes e inmediatos a hora de resolver pois se os veciños que teñen que limpar as súas parcelas non queren, non poden ou non se dan localizado, debe ser o SEAGA quen se faga cargo de entrar na propiedade e limpar a parcela se un propietario non cumpre.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PP e da concelleira non adscrita). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Carral de setembro de 2020 elaborado por Seaga no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2.-Remitir á Dirección Xeral de Montes certificación relativa ao presente acordo para que as faixas delimitadas no Plan pasen a ter a consideración de definitivas e poidan ser amosadas no visor público.

3.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica municipal.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

5.- Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno da corporación para denominar como rúa José Gestal Cardoña ao vial que vai dende a rúa Souto ata o final de dito vial.

O Sr. alcalde expón o ditame da Comisión informativa que deseguido se transcribe:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día 03 de febreiro de 2022 emitiuse o seguinte DITAME :

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: denominar como rúa José Gestal “Cardoña” á rúa que vai dende a rúa do Souto ata o final de dito vial e corrixir o erro cometido na proposta elevada a comisión informativa do 03 de febreiro de 2022.

Con data do 28 de xaneiro de 2022, esta alcaldía elevou ao pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente a seguinte proposta:

“José Gestal García, coñecido popularmente como “Cardoña”, foi un fotógrafo profesional que desenvolveu o seu traballo de maneira ambulante en Carral e nos concellos limítrofes. Coñecido pola veciñanza, Cardoña creou os álbums familiares da sociedade carralesa que hoxe forma parte non só dos recordos de cada familia senón do patrimonio histórico de Carral.

Dende a concellaría de Cultura lévanse facendo ao longo dos anos unha recompilación de fotografías antigas que xa dou lugar a varias exposicións e a publicación de varios libros. Co fin de continuar honrando a figura profesional de Cardoña e de recoñecer o traballo que chega ata os nosos días é o obxectivo desta Administración adicarlle unha rúa do municipio a este fotógrafo que é o artífice de que poidamos amosar e ver as vellas imaxes de Carral.

Para maior fundamento na figura de José Gestal “Cardoña”, con data do 27 de xaneiro de 2022 o técnico de Cultura, don Carlos E. Lorenzo Pérez, emite a proposta que se transcribe literalmente a continuación onde propón homenaxear ao fotógrafo coa asignación do seu nome a un espazo público do municipio de Carral:

“INFORME- PROPOSTA SOBRE A POSIBILIDADE DE DEDICAR UN ESPAZO PÚBLICO Á MEMORIA DO FOTÓGRAFO JOSÉ GESTAL “CARDONA”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de Cultura do Concello de Carral, en relación coa posibilidade de honrar a labor fotográfica de José Gestal García “Cardoña”, emite para a súa valoración polo órgano municipal pertinente o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

- 1. José Gestal García (1918-2003), coñecido popularmente polo alcume de “Cardoña”, foi un fotógrafo profesional que desenvolveu o seu traballo no século XXI en territorios de Carral, Cambre, Culleredo e Abegondo.*
- 2. Cardoña comeza nos anos 40 a súa traxectoria como fotógrafo, aprendendo o oficio na cidade da Coruña, e exerceu de fotógrafo ata a súa xubilación nos anos 80.*
- 3. Cardoña era un fotógrafo ambulante que percorría a diario estas terras a pé, en bicicleta ou en moto, buscando a quen facerlle un retrato. Días despois volvía polos mesmos lugares para deixar as fotografías en bares e tendas nas que os retratados podían recoller e pagar as copias.*
- 4. Nos anos 50 Cardoña foi fotógrafo da comisión que percorreu todas as localidades do municipio para que a poboación obtivera o seu primeiro Documento Nacional de Identidade.*
- 5. Este xeito de traballo converteu ao fotógrafo nun persoeiro cotián para toda a sociedade carralesa. Todos os fogares do municipio ían creando un álbum de recordos familiares alimentado polos retratos que lles facía Cardoña.*
- 6. Os milleiros de fotografías tomadas por Cardoña constitúen hoxe en día un patrimonio histórico de salientable relevancia, xa que son as imaxes dun vello Carral e das súas xentes. Son a evidencia de como era a sociedade de Carral desde os anos 40 ata os 80.*
- 7. A Concellería de Cultura leva a cabo desde 1998 a recompilación de fotografías antigas do municipio, coas que está a conformar un arquivo fotográfico. Desta labor, denominada Fotos para as mil historias de Carral, se ten demostrado a valía do traballo realizado por Cardoña, constatándose que practicamente era o único autor de imaxes das nosas xentes e lugares.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

8. *No ano 1999, o do primeiro traballo de recompilación, a editorial Espiral Maior publicou o libro Carral. Crónica fotográfica (1910 - 1983), do que é autor o fotógrafo Cándido Día Mosquera, que executou a recollida fotográfica.*

9. *As catro exposicións que ten organizado o Concello de Carral para amosar as vellas imaxes do municipio, teñen demostrado o valor do traballo de Cardoña, sendo as accións culturais da programación municipal con máis aceptación por parte dos habitantes de Carral.*

10. *Fotos para as mil historias de Carral tamén é o título do libro editado no 2015 polo Concello de Carral e a Deputación da Coruña, con autoría de Carlos Lorenzo Pérez, e que é o resultado editorial do traballo de recompilación de fotografías feito polo Concello. Nesta publicación xa se fai mención a Cardoña como o artífice fundamental para poder amosar ás novas xeracións as vellas imaxes de Carral. Dado o gran éxito deste libro, fíxose unha segunda edición no 2019.*

11. *Na sesión ordinaria do Pleno municipal do 29 de novembro de 2018 acordouse formalizar un convenio con Matilde Gestal Castro, filla de José Gestal García, para a cesión ao Concello de Carral de material fotográfico de Cardoña para a súa rehabilitación e exhibición pública. A duración do convenio é de 15 anos prorrogables a 25 anos.*

12. *O material cedido pola familia de Cardoña exhibese de xeito permanente nunha vitrina na Casa da Cultura para homenaxear ao fotógrafo carralés.*

13. *Debido ao valor do seu traballo, a Deputación da Coruña outorgou a Cardoña no ano 2021 o recoñecemento de "Fotógrafo histórico", recollido pola súa filla Matilde Gestal Castro.*

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. *O legado fotográfico de José Gestal Cardoña supón na actualidade o principal patrimonio visual que permite revisar como era a paisaxe e os xeitos de vida dos habitantes de Carral nas décadas dos anos 40, 50, 60 e 70 do século XX. Todas as súas fotografías teñen un inmenso valor como documento histórico relacionado con Carral.*

2. *O Arquivo fotográfico histórico municipal de Carral estase a nutrir fundamentalmente de fotografías realizadas por Cardoña.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

3. *Todas as iniciativas culturais que teñen como protagonistas as fotografías de Cardoña (libros e exposicións) téñense demostrado como as de maior interese por parte da sociedade de Carral.*

4. *O desenvolvemento por parte do Concello de Carral das diversas iniciativas que teñen o traballo de Cardoña como protagonistas, ten demostrado o afecto que a sociedade de Carral lle manifesta ao autor de boa parte das coleccións fotográficas familiares.*

PROPOSTA

Vistos os apartados anteriores, propónse aprobar unha iniciativa que permita homenaxear ao fotógrafo José Gestal García “Cardoña” asignándolle o seu nome a algún espazo público da trama urbanística do municipio de Carral.”

*Por todo isto, esta Alcaldía propón que se denomine á rúa que vai dende a rotonda da rúa Víctor Velasco ata a rúa Belvís de Paleo como rúa José Gestal “Cardoña” polo que, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que adopte os seguintes ACORDOS*

1º.- Denominar como rúa José Gestal “Cardoña” á rúa que vai dende a rotonda da rúa Víctor Velasco ata a rúa Belvís de Paleo.

2º.- Facultar ao señor alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal denominación.

3º.- Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello.

Acompañábase á proposta dun plano de situación”

Detectado que nunha sesión plenaria anterior, concretamente na sesión do 25 febreiro de 2004, se detectou que xa se tiña posto denominación á rúa que vai da rotonda de Víctor Velasco ata a rúa de Belvís



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

de Paleo como rúa José Boga Bermúdez é polo que dende esta alcaldía se procede a unha modificación da proposta unicamente en canto a ubicación da rúa a que se lle pretende dar o nome de José Gestal “Cardoña” e que queda como segue:

“José Gestal García, coñecido popularmente como “Cardoña”, foi un fotógrafo profesional que desenvolveu o seu traballo de maneira ambulante en Carral e nos concellos limítrofes. Coñecido pola veciñanza, Cardoña creou os álbums familiares da sociedade carralesa que hoxe forma parte non só dos recordos de cada familia senón do patrimonio histórico de Carral.

Dende a concellaría de Cultura lévanse facendo ao longo dos anos unha recompilación de fotografías antigas que xa dou lugar a varias exposicións e a publicación de varios libros. Co fin de continuar honrando a figura profesional de Cardoña e de recoñecer o traballo que chega ata os nosos días é o obxectivo desta Administración adicarlle unha rúa do municipio a este fotógrafo que é o artífice de que poidamos amosar e ver as vellas imaxes de Carral.

Para maior fundamento na figura de José Gestal “Cardoña”, con data do 27 de xaneiro de 2022 o técnico de Cultura, don Carlos E. Lorenzo Pérez, emite a proposta que se transcribe literalmente a continuación onde propón homenaxear ao fotógrafo coa asignación do seu nome a un espazo público do municipio de Carral:

“INFORME- PROPOSTA SOBRE A POSIBILIDADE DE DEDICAR UN ESPAZO PÚBLICO Á MEMORIA DO FOTÓGRAFO JOSÉ GESTAL “CARDONA”

Carlos Lorenzo Pérez, técnico municipal de Cultura do Concello de Carral, en relación coa posibilidade de honrar a labor fotográfica de José Gestal García “Cardoña”, emite para a súa valoración polo órgano municipal pertinente o seguinte

INFORME

ANTECEDENTES

1. José Gestal García (1918-2003), coñecido popularmente polo alcume de “Cardoña”, foi un fotógrafo profesional que desenvolveu o seu traballo no século XXI en territorios de Carral, Cambre, Culleredo e Abegondo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

2. *Cardoña comeza nos anos 40 a súa traxectoria como fotógrafo, aprendendo o oficio na cidade da Coruña, e exerceu de fotógrafo ata a súa xubilación nos anos 80.*
3. *Cardoña era un fotógrafo ambulante que percorría a diario estas terras a pé, en bicicleta ou en moto, buscando a quen facerlle un retrato. Días despois volvía polos mesmos lugares para deixar as fotografías en bares e tendas nas que os retratados podían recoller e pagar as copias.*
4. *Nos anos 50 Cardoña foi fotógrafo da comisión que percorreu todas as localidades do municipio para que a poboación obtivera o seu primeiro Documento Nacional de Identidade.*
5. *Este xeito de traballo converteu ao fotógrafo nun persoeiro cotián para toda a sociedade carralesa. Todos os fogares do municipio ían creando un álbum de recordos familiares alimentado polos retratos que lles facía Cardoña.*
6. *Os milleiros de fotografías tomadas por Cardoña constitúen hoxe en día un patrimonio histórico de salientable relevancia, xa que son as imaxes dun vello Carral e das súas xentes. Son a evidencia de como era a sociedade de Carral desde os anos 40 ata os 80.*
7. *A Concellería de Cultura leva a cabo desde 1998 a recompilación de fotografías antigas do municipio, coas que está a conformar un arquivo fotográfico. Desta labor, denominada Fotos para as mil historias de Carral, se ten demostrado a valía do traballo realizado por Cardoña, constatándose que practicamente era o único autor de imaxes das nosas xentes e lugares.*
8. *No ano 1999, o do primeiro traballo de recompilación, a editorial Espiral Maior publicou o libro Carral. Crónica fotográfica (1910 - 1983), do que é autor o fotógrafo Cándido Día Mosquera, que executou a recollida fotográfica.*
9. *As catro exposicións que ten organizado o Concello de Carral para amosar as vellas imaxes do municipio, teñen demostrado o valor do traballo de Cardoña, sendo as accións culturais da programación municipal con máis aceptación por parte dos habitantes de Carral.*
10. *Fotos para as mil historias de Carral tamén é o título do libro editado no 2015 polo Concello de Carral e a Deputación da Coruña, con autoría de Carlos Lorenzo Pérez, e que é o resultado editorial do traballo de recompilación de fotografías feito polo Concello. Nesta publicación xa se fai mención a Cardoña como o artífice fundamental para poder amosar ás novas xeracións as vellas imaxes de Carral. Dado o gran*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

éxito deste libro, fíxose unha segunda edición no 2019.

11. *Na sesión ordinaria do Pleno municipal do 29 de novembro de 2018 acordouse formalizar un convenio con Matilde Gestal Castro, filla de José Gestal García, para a cesión ao Concello de Carral de material fotográfico de Cardoña para a súa rehabilitación e exhibición pública. A duración do convenio é de 15 anos prorrogables a 25 anos.*

12. *O material cedido pola familia de Cardoña exhibese de xeito permanente nunha vitrina na Casa da Cultura para homenaxear ao fotógrafo carralés.*

13. *Debido ao valor do seu traballo, a Deputación da Coruña outorgou a Cardoña no ano 2021 o recoñecemento de "Fotógrafo histórico", recollido pola súa filla Matilde Gestal Castro.*

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. *O legado fotográfico de José Gestal Cardoña supón na actualidade o principal patrimonio visual que permite revisar como era a paisaxe e os xeitos de vida dos habitantes de Carral nas décadas dos anos 40, 50, 60 e 70 do século XX. Todas as súas fotografías teñen un inmenso valor como documento histórico relacionado con Carral.*

2. *O Arquivo fotográfico histórico municipal de Carral estase a nutrir fundamentalmente de fotografías realizadas por Cardoña.*

3. *Todas as iniciativas culturais que teñen como protagonistas as fotografías de Cardoña (libros e exposicións) téñense demostrado como as de maior interese por parte da sociedade de Carral.*

4. *O desenvolvemento por parte do Concello de Carral das diversas iniciativas que teñen o traballo de Cardoña como protagonistas, ten demostrado o afecto que a sociedade de Carral lle manifesta ao autor de boa parte das coleccións fotográficas familiares.*

PROPOSTA

Vistos os apartados anteriores, propónse aprobar unha iniciativa que permita homenaxear ao fotógrafo José



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Gestal García “Cardoña” asignándolle o seu nome a algún espazo público da trama urbanística do municipio de Carral.”

*Por todo isto, esta Alcaldía propón que se denomine á rúa que vai dende a rúa do Souto ata o final de dito vial como rúa José Gestal “Cardoña” polo que, en uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que adopte os seguintes ACORDOS*

1º.- Denominar como rúa José Gestal “Cardoña” á rúa que vai dende a rúa do Souto ata o final de dito vial.

2º.- Facultar ao señor alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal denominación.

3º.- Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello. ”

DEBATE

O Sr. alcalde logo de exposta a proposta dálle a palabra á Sr. Duarte Gerpe.

A Sra. Duarte Gerpe manifesta que como xa dixo na comisión informativa ela non está en desacordo en que se lle poña á unha rúa do concello o nome do Sr. Cardoña pero esa rúa á que se lle quere cambiar o nome é a rúa do Souto, por ser un terreo poboado de castaños, así que pregunta que diría o señor Revilla se chegase a estar aquí, botaría o grito no ceo. Ademais se se lle cambia o nome á rúa créanlle un problema aos veciños que deberán cambiar os seus datos.

O Sr. Alcalde toma a palabra para aclararlle á Sr. Duarte que a rúa se vai nomear como “rúa Jose Gestal- Cardoña”.

Intervén o Sr. Cetina para esclarecer que o que se dixo na comisión informativa era que no mesmo cartel durante un período de tempo poñeríase “antiga rúa do Souto” .

A Sra. Duarte puntualiza que se fai isto para que a xente se adapte ao cambio do nome da rúa.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O Sr. Alcalde non recorda que se dixera iso na comisión informativa e informa que non altera demasiado xa que nesa rúa soamente hai tres vivendas.

A Sra. Duarte insiste en que aínda que fora un só domicilio, os recibos da luz, auga, da Deputación, están todos con esa dirección e é un trastorno ter que facer todos os cambios. Déixalles aos demais concelleiros a elección pero ela vaise abster porque non vai amolar as dúas persoas que viven nesa rúa que teñen que cambiar todo cando poden buscar outra rúa para poñerlle o nome. Ademais na comisión informativa falaouse da rotonda que esta en José Boga Bermúdez, esa rúa é posible que xa tivera a sinal posta pero cando se puxo o valado da obra, acabouse quitando entón a Sra. Duarte pide ao Sr. alcalde que iso foi aprobado nun pleno e que se lle repoña o nome a esa rúa.

O Sr. alcalde contéstalle a Sra. Duarte que non hai ningún problema e recórdalle o tempo que botou esa obra xa feita e que ata agora ninguén se lembrou de poñerlle a placa e acordáselles agora.

A Sra. Duarte replícalle ao Sr. alcalde dicindo que se lembran agora porque estaban propoñendo quitarlle o nome a esa rúa.

O Sr. alcalde interrompe a Sra. Duarte dicindo que el non propuxo nada, el quería poñer esa rúa e foi o Sr. Mouriño quen dixo que esa rúa xa estaba aprobada noutro pleno con outro nome, cousa que non sabemos e que agradecemos ao Sr. Mouriño, e entón foi cando se propuxo o cambio, pero xa a teñen vostedes aprobada dende o 2004.

A Sra. Duarte dille ao Sr. Alcalde que pode darlle as voltas que queira, que non vai discutir máis pero isto falouse na comisión informativa.

Neste momento o Sr. alcalde dálle a palabra ao Sr. Couto que manifesta que o seu grupo está de acordo pois o Sr. Cardoña foi un traballador incansable e fixo posible moita da memoria histórica que temos hoxe en Carral grazas as innumerables fotografías que realizou por todo o concello.

O Sr. Alcalde agradece a intervención do Sr. Couto e dálle a palabra ao Sr. Fernández Mouriño.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O Sr. Fernández Mouriño manifesta que por suposto que están de acordo en poñerlle unha rúa a José Gestal Cardoña e aclara que a primeira opción, a de poñerlle o nome deste a rúa que vai dende a rotonda da rúa Víctor Velasco ata a rúa Belvís de Paleo, non era viable porque xa había un acordo plenario no que se nomeaba como rúa José Boga Bermúdez. É certo que había unha valla e tiña un cartel, o cal desapareceu, e é certo que cando eles gobernaban tiveron tempo dende que se rematou a obra a poñerlle a placa co nome mais foi un despiste polo que lle pide ao Sr. alcalde que poña esa placa ademais de parecerlle ben o nomeamento da rúa de Souto do Ferreiro pola rúa de José Gestal "Cardoña". O que si, aclara que na comisión informativa quedaron en que puxera rúa José Gestal Cardoña anterior rúa do Souto, como pasa igualmente na Avenida de Oza na Coruña, que antes era General Sanjurjo e que pon Avenida de Oza anterior General San Jurjo, soamente para facilitarlle a labor aos carteiros temporalmente.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PP; abstencións da concelleira non adscrita). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1º.- Denominar como rúa José Gestal "Cardoña" á rúa que vai dende a rúa do Souto ata o final de dito vial.

2º.- Facultar ao señor alcalde para a realización das actuacións necesarias para a execución de tal denominación.

3º.- Publicar estes acordos no taboleiro de edictos do Concello. "

6.- Ditame sobre proposta da alcaldía ao pleno para aprobar o convenio de colaboración subscrito entre este Concello e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello no marco das actividades da cátedra EMALCSA-UDC e conceder á FUAC unha subvención por importe de 7500€ co obxectivo de que se proceda a elaborar un documento estratéxico que facilite planificar as inversións e mellorar a xestión do saneamento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O alcalde expón o ditame da Comisión de Asuntos Xerais que deseguida se transcribe.

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno o día 03 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte DITAME :

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: Concesión dunha subvención á Fundación da Universidade da Coruña (FUAC), a través da cátedra EMALCSA-FUAC, para a o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello de Carral no marco das actividades da cátedra EMALCSA-UDC e aprobación do convenio de colaboración que rexerá dito plan.

A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local establece no seu artigo 25 as competencias propias dos municipios en diferentes materias entre as que se atopan o “c)Abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais”.

Para este fin o Concello de Carral conta con dúas estacións depuradoras de augas residuais sitas en San Vicente e O Quenllo na que ocasionalmente nesta última o funcionamento non é o máis óptimo e para o que esta Administración está buscando a mellor solución para corrixir e subsanar ditas eivas tanto nas EDARs como no resto da rede de saneamento municipal.

Para acadar dito obxectivo, o Concello subscribiu coa Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) un convenio de colaboración para o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello no marco das actividades da cátedra EMALCSA-UDC. O obxecto deste convenio é a elaboración dun documento estratéxico que facilite planificar as súas inversións e mellorar a xestión do seu saneamento.

Tendo en conta que estamos falando dunha iniciativa de interese de saúde pública e de execución inaprazable en tanto que se trata do tratamento das augas residuais do concello e que as entidades coas que se pretende conveniar son axeitadas para a elaboración de dito estudo.

Tendo en conta que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións establece no seu artigo 22.2.c) que se poden conceder de forma directa “Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, u outras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.”



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Non procedendo por tanto a tramitación ordinaria xa que queda máis que acreditado o seu interese público e social por falarmos do tratamento de augas residuais e dada a urxente necesidade de proceder á sinatura do mencionado convenio en canto a incidencia que poida ter na saúde pública, faise preciso a concesión dunha subvención directa á FUAC para a elaboración dun documento que permita mellorar a xestión do saneamento municipal.

Tendo en conta o informe emitido a este respecto pola intervención municipal con sinatura dixital do 27 de xaneiro de 2022 onde se acredita que existe crédito “adequado e suficiente na aplicación orzamentaria 2022.160.44900 por importe de 7.500,00 € para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da cláusula terceira do Convenio” e no que a propia “Intervención municipal fiscaliza de conformidade a aprobación do citado convenio, se ben a Corporación adoptará á decisión que considere convinte”.

*Á vista de todo o que antecede e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes ACORDOS*

- 1.- Aprobar o convenio de colaboración subscrito entre este Concello e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento do plan estratéxico de saneamento do Concello no marco das actividades da cátedra EMALCSA-UDC.*
- 2.- Conceder á Fundación da Universidade da Coruña (FUAC), a través da cátedra EMALCSA-UDC, unha subvención por importe de 7.500€ co obxectivo de que se proceda a elaboración dun documento estratéxico que facilite planificar as inversións e mellorar a xestión do saneamento.*
- 3.- Comunicar este acordo ao departamento de intervención e aos interesados para o inicio dos traballos de estudo necesarios para a elaboración do documento estratéxico.*

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARRAL E A FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

CORUÑA (FUAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SANEAMENTO DO CONCELLO NO MARCO DAS ACTIVIDADES DA CÁTEDRA EMALCSA-UDC

A Coruña, 23 de novembro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, FCO JAVIER GESTAL POSE., en nome e representación do Concello de Carral con CIF-P1502100I, na súa condición de ALCALDE PRESIDENTE .

Doutra, JOSE MARÍA BARJA PÉREZ, actuando en calidade de Presidente do Padroado da Fundación Universidade da Coruña con CIF G-15597289, segundo nomeamento acordado no Padroado celebrado o 18 de novembro de 2004.

Os intervenientes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

- I. Que o Concello de Carral para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, de conformidade con establecido no artigo 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril de 1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.*
- II. A Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC), medio propio da Universidade da Coruña para a promoción, desenvolvemento e apoio ao financiamento de iniciativas e actividades coa misión de promover a investigación, a formación, o emprego e a transferencia de coñecemento en colaboración coa Universidade, impulsando a participación de entidades públicas e privadas no desenvolvemento social e económico da sociedade.*

A FUAC ten como obxecto fundacional nos seus estatutos a realización de actividades a nivel local, autonómico, estatal ou internacional, relacionadas coa cultura, a ciencia, a tecnoloxía, a educación, a formación, a investigación, o emprego, a acción social e a cooperación para o desenvolvemento.
- III. A Cátedra EMALCSA-UDC é unha iniciativa que aglutina a experiencia de diferentes grupos de investigación da UDC vinculados á xestión da auga, entre os que se atopa o GI GEAMA. Partindo deste importante coñecemento vinculado ao desenvolvemento dos sistemas de auga urbana pódense implementar modelos de xestión que sirvan a administracións e proxectistas na aplicación de criterios homoxéneos e tecnoloxías axeitadas no desenvolvemento de infraestruturas.*
- IV. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (de agora en diante lei Xeral de Subvencións), no seu art. 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao 2 cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular,*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

xa realizado ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Polo exposto as partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a elaboración de un documento estratéxico que facilite ao Concello de Carral planificar as súas inversións e mellorar a xestión do seu saneamento.

A Cátedra EMALCA promoverá o desenvolvemento do referido documento estratéxico a través do GI GEAMA quen trasladará ao Concello de Carral a súa metodoloxía e experiencia en este ámbito e facilitando un marco de referencia e planificación para dita problemática. Inclúese anexo coas fases, presuposto e alcance do documento a desenvolver polo GI GEAMA.

O equipo investigador, pertencente o citado grupo, estará dirixido polos investigadores Joaquín Suárez López e Alfredo Jácome Burgos, e estará formado por:

- José Pajarron*
- Angelica Goya*

SEGUNDA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese, de acordo co exposto no presuposto do Anexo, a achegar a Fundación Universidade da Coruña (a través da Cátedra EMALCSA-UDC), a cantidade de 7.500 euros (7.500,00 €), con cargo á aplicación 160.44900. do orzamento en vigor.

CUARTA.- Obrigas do beneficiario

A Fundación da Universidade da Coruña (a través da Cátedra EMALCSA-UDC) comprométese a:

- cumprir o obxecto tal e como se contempla no anexo técnico correspondente.*
- destinar os fondos achegados polo Concello á finalidade contemplada no anexo.*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- *presentar a documentación xustificativa nos termos establecidos no Convenio.*
- *comunicar por escrito calquera modificación substancial para a súa aprobación.*
- *aportar unha financiación adicional ao proxecto de 7.500, 00 euros a través dos fondos propios da Cátedra EMALCSA-UDC.*
- *conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- *someterse a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello para comprobar o cumprimento da lexislación vixente*

QUINTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coas achegas establecida nas cláusulas terceira e cuarta deste convenio. Esta financiación será compatible con calquera outra aportación para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado.

No caso dun exceso de financiamento este será reducido ata o nivel de gasto realizado dun xeito proporcional ás aportacións recibidas de cada entidade.

SEXTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles, que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios.

Son gastos subvencionables os gastos de persoal, honorarios investigadores/as, desprazamentos, aloxamento e manutención, servizos externos, que cumplan os requisitos seguintes:

- *Os ocasionados con motivo de realizar a actividade ou actividades obxecto do presente convenio de colaboración e que, sen dúbida responda á natureza da actividade subvencionada.*
- *Que sexan estritamente necesarios.*
- *Que o seu custe non sexa superior ao valor de mercado.*
- *Que exista constancia documental sobre a súa realización.*
- *Que sexan realizados dentro do prazo de execución.*
- *Que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.*

As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do prazo de execución.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables ata un máximo do 15% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante.

SETIMA.- Abono da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da entidade beneficiaria e o pago da achega



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

realizarase trala presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa enmenda. Pasado devandito prazo sen que se presentase a documentación requirida, arquivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Non poderá realizarse o pago da subvención a entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

OITAVA.- Prazo de execución.

O prazo de execución será de seis meses a partir da sinatura do convenio.

NOVENA.- Xustificación

A FUAC presentará a xustificación, como máximo, dentro dos dous meses posteriores á finalización do prazo de execución.

Dita xustificación será presentada na sede electrónica do Concello de Carral e estará formada por:

- Memoria da actividade realizada e do cumprimento do obxecto.*
- Certificación da Xerencia da FUAC comprensiva do detalle da financiación por entidade e dos gastos realizados por tipoloxía.*
- Certificación da Xerencia da FUAC coa relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do terceiro (acredor, provedor ou interesado), do nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago para cada unha das tipoloxías de gasto identificadas.*

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

DÉCIMA.- Información e Publicidade

O nome e anagrama do Concello figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión.

Asemade, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan relativas ao presente convenio e dirixidas tanto ao público en xeral coma ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello no cofinanciamento das mesmas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de Resolución do Convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes dende que aquel fose detectado.

5 DÉCIMO SEGUNDA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

As partes suscribintes do presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio no lugar e na data que se indican a continuación

“sinatura ilexible o alcalde e o presidente do Padroado da Fundación Universidade da Coruña”

DEBATE

O Sr. alcalde logo de expoñer este punto e explicar que se trata da concesión a FUAC dunha subvención por importe de 7.500 euros co obxectivo de que se proceda a elaborar un documento estratéxico que facilite planificar as inversións e mellorar a xestión do saneamento dálle a palabra ao Sr. Couto.

Intervén o Sr. Couto para pedirlle ao Sr. alcalde que retire este punto para un mellor estudo do mesmo pois non sabían nada deste punto xa que saben que hai un plan estratéxico redactado e un estudo da Xunta de Galicia mais agora as prioridades son outras. Ademais di o Sr. Couto que se lle pediu a EMALCSA que buscaran solucións transitorias para solucionar isto ata que se consigan os cartos para a depuradora da Brexa. Por isto o Sr. Couto solicita a retirada deste punto do día para o seu mellor estudo.

O Sr. alcalde toma a palabra para dicirlle ao Sr. Couto e a todos os presentes que non vai retirar o punto pois o convenio coa Universidade de A Coruña non é para facer outro plan director como o que se pretendía desenvolver a través de EMALCSA e o Concello de Carral. Como se dixo na Comisión informativa existe un convenio do 2 de febreiro de 2005 entre o Concello de Carral e o da Coruña para delegar a prestación de servizos de saneamento e o subministro de augas a través da empresa concesionaria deste servizo na Coruña, EMALCSA. Nese mesmo convenio



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

recóllese que EMALCSA realizará un plan directorio en colaboración cos servizos técnicos municipais, mais en ningún momento se fala de que EMALCSA sexa a que afronte economicamente as actuacións. Sempre se fai mención ao mantemento e á conservación pero nada ten que ver co que estamos presentando. Ademais neste convenio coa FUAC-EMALCSA tamén aporta igual que o Concello o 50% do coste deste proxecto, proxecto que noutras circunstancias custaría dez veces máis tendo en conta as dimensións do mesmo.

Continúa o Sr. alcalde dicindo que o que se vai facer e unha análise das alternativas que se poden aplicar ao saneamento de todo o concello. Non é unicamente un planteamento de saneamento con esquemas clásicos senón que é un proxecto piloto no que tivemos sorte de que nos acolleran. En Galicia está só o concello de Valdomiño e agora Carral. Trátase dun proxecto a futuro e cunha visión estratéxica máis ampla, recollería a maneira de chegar a todo o concello nunhas zonas con Edar tradicional e noutras coa introdución de filtros verdes.

O Sr. alcalde di que, en resumo, a gran diferenza deste proxecto é o nivel de definición, para entendernos, é unha parte máis do que debemos aportar a este proxecto como por exemplo as infraestruturas. Ademais, a Universidade da Coruña, xa foi quen fixo para a Xunta de Galicia as instrucións técnicas de obras hidráulicas de Galicia polo que entendemos que é algo bo para o Concello do Carral.

O Sr. alcalde dálle a palabra neste momento á Sra. Duarte, quen lle di que non retirar o punto da orde do día, como lle solicitou o Sr. Couto, supón que se vexa na obriga de votar en contra. Ademais, pregunta a Sra. Duarte se na Comisión informativa non sabía que tiñamos un plan director, que EMALCSA é a encargada de redactar os proxectos das necesidades que ten o concello pois así se recolle no convenio. Manifesta que o sr. alalde se comprometeu a mirar isto e se non ten outra explicación o seu voto vai ser en contra de que lle pague 7000€ a Universidade da Coruña cando é EMALCSA quen ten que resolver e redactar os proxectos necesarios de todos os saneamentos de Carral.

Intervén neste momento o Sr. Couto para aclarar que eles non sabían nada disto cando é un tema de infraestruturas, competencia do grupo socialista. Eles si son coñecedores de que existe non soamente un plan director que redactou EMALCSA no seu día senón que existen estudos de Augas de Galicia. Considera o Sr. Couto que nos deberíamos de concentrar en sacar recursos para facer a depuradora da Brexa e, ao non retirar o punto para un mellor estudo do mesmo, vese na obriga de votar en contra.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Mouriño quen lle recorda ao Sr. alcalde que o outro día na Comisión Informativa tiña dúbidas de se realmente o Concello de Carral tiña que abordar estes plans estratéxicos de cara a solucionar un problema dunha depuradora ou buscar a viabilidade dunha ruptura. EMALCSA non é a responsable de facer obras pero si ten que redactar os proxectos das obras que son necesarias, así esta asinado desde o ano 2004-2005, cando eu era alcalde, e o alcalde da Coruña, don Paco Vazquez.

O Sr. Alcalde interrompe para recordarlle ao Sr. Mouriño que a firma dese convenio foi o 2 de marzo de 2005.

O Sr. Mouriño responde dicindo que dispón de boa memoria e coméntalle ao Sr. alcalde que era el naquel momento o responsable deses temas. O Sr. Alcalde respóndelle que naquel momento el soamente facía os recibos non os convenios.

Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que nese convenio se marcaban unha serie de estratexias nas que EMALCSA nos dicía onde tiñamos que investir, se había que facer una depuradora en San Vicente ou se había que mellorar a depuradora do Quenllo. Que no seu momento fose SEPES quen realizara esta depuradora, en referencia a do Quenllo, para ser industrial e se lle acabase incluíndo material orgánico, o que fai que non funcione como debe, é razón para termos que atopar unha solución mais todas esas estratexias correspóndenlle a EMALCSA. Agora mesmo hai que buscar financiación para arranxar a depuradora do Quenllo que está afectando ao río da Brexa. Considera o Sr. Mouriño que gastar agora 7500 euros cando di que non hai cartos, cando existe un convenio que de momento non está denunciado por ningunha das partes, polo que está prorrogado automaticamente, só para facerlles a pelota aos da Universidade entendo o Sr. Mouriño que non ten sentido. Antes de votar este punto debería escoitar o que lle dixo o concelleiro do grupo socialista e deixar o tema enriba da mesa porque vostede quedou en ter unha reunión co director xeneral e co presidente de EMALCSA, á que debía convidarme, e a que lle instei a que convidase tamén ao resto dos membros da corporación. Coidamos que este tema debe quedar enriba da mesa ata falar como xa dixen antes co director ou coa persoa que corresponda, non dar 7500 euros sen máis para investigación para unha fundación. Como vostede di, en alusión ao Sr. alcalde, non sobran os cartos e hai que administralos ben.

Neste momento o Sr. alcalde toma a palabra para proceder a ler un dos puntos do convenio asinado con Emalcsa coa finalidade de aclararlle ao Sr. Mouriño e a Sr. Florinda que *“O presente*



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

convenio se entenderá tacitamente prorrogado por igual período de cinco anos cun máximo de 25 anos, salvo denuncia por calquera das partes.” O Sr. Alcalde informa de que existe unha denuncia por parte de EMALCSA de decembro de 2019.

O Sr. Mouriño interrompe ao Sr. alcalde interpelándoo a se é coñecedor da responsabilidade que supón ter ese dato calado recriminándolle que non dixera nada ao equipo de goberno e pregúntalle ao Sr. Couto se sabía que existía dita denuncia.

O Sr. Couto responde que non sabía nada.

O Sr. Alcalde quere realizar a votación do punto seis pero tanto o Sr. Mouriño como o Sr. Couto lle solicitan novamente a retirada do punto e sentarse a falar do tema exposto en dito punto. O Sr. Couto manifesta que se sinte sorprendido de que invitase a oposición para manter unha reunión cos responsables de EMALCSA e non se lle dixera nada a el como concelleiro de Infraestruturas.

O Sr. alcalde aclara que ao Sr. Mouriño se lle dixo de *“Ter unha reunión entre Jaime, el , Orejon e eu”* isto falouse na última comisión e debe estar gravado.

O Sr. Couto amósase molesto porque ninguén contou con el para esta suposta reunión.

Finalmente, o Sr. alcalde deixa o punto sobre a mesa por petición da maioría dos concelleiros.

Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

7.-Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.


Dación de conta dos decretos da alcaldía dende o 503/2021, do 22 de novembro de 2021, ata o 39/2022, do 04 de febreiro de 2022.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

- 503/2021 22/11/2021 Aprobación do gasto para a adquisición de material de sensibilización contra a violencia de xénero 25N.
- 504/2021 22/11/2021 Aprobación do gasto para a grabación, montaxe e reprodución de video divulgativo do 25N.
- 505/2021 23/11/2021 Iniciación do expediente de contratación da obra; Ampliación do Centro Deportivo e Reforma da Pista Polideportiva Exterior. Rúa Belvís de Paleo nº 17. Concello de Carral; (Financiada ao 99,7%-189.344,61 (Orzamento total con IVA 189.950,01 €)- A través do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan único de Concellos (POS + 2021 (ACHEGA 2020) da Deputación Provincial Da Coruña).
- 506/2021 23/11/2021 Iniciación do expediente de contratación da obra ; Reforma Interior Polideportivo CEIP Vicente Otero Valcárcel Rúa Alcalde Juan Seijas S/N- Concello de Carral; (Financiada ao 100%- 137.991,95 €- A través do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos (POS + 2021) da Deputación Provincial da Coruña.
- 507/2021 23/11/2021 Tramitación de Decretos - 99500000024355 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
- 508/2021 23/11/2021 Tramitación de Decretos - 99500000024354 Acuerdo Inicio 9BIS Acuerdo inicio no identificación conductor
- 509/2021 23/11/2021 Aprobación Certificación nº 1 da obra "Mellora do camino de As Cavacas ao Cruceiro. San Pedro de Quembre. Concello de Carral".
- 510/2021 24/11/2021 Aprobación da lista de admitidos e excluídos provisionalmente ao posto de técnico en materias medioambientais, elevación a definitiva por non existiren excluídos, nomeamento do tribunal encargado de valorar a última fase do procedemento de selección e fixación do día e da hora da entrevista profesional.
- 511/2021 25/11/2021 Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra ;Mellora e Humanización da rúa Belvís de Paleo- Concello de Carral; Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [POS+COMPLEMENTARIO2/2021];
- 512/2021 24/11/2021 Aprobacion de factura por importe de 18.066,51 €.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

513/2021	25/11/2021	Aprobación do gasto para a adquisición dun vehículo para o departamento de servizos sociais.
514/2021	26/11/2021	Liquidación de prezo público por escolas culturais, modalidade pagamento unico, curso2021-2022.
515/2021	29/11/2021	Aprobación das nóminas ordinarias do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de novembro de 2021
516/2021	29/11/2021	Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padron Auga- Sumidoiros- depuración-Canon da auga 3º trimestre 2021.
517/2021	29/11/2021	Aprobación das bases que rexerán a campaña de turismo "Coñece Carral no Nadal".
518/2021	29/11/2021	Convocatoria de session da Xunta de Goberbno Local 21/2021,02 de decembro de 2021.
519/2021	30/11/2021	Solicitud a Excelentísima Deputación da Coruña dunha subvención nominativa para o financiamento da XVIII Festa do Pan de Carral.
520/2021	01/12/2021	Concesión pola Xunta de Galicia (Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia Xustiza e Turismo) de subvención ao abeiro da Orde do 14 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes,
521/2021	01/12/2021	Tramitación de Decretos - 99500000024496 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
522/2021	01/12/2021	Proposta de aprobacion de gasto para a realización do estudo topográfico, proxecto e dirección de obras dos traballos do proxecto de Mellora peonil da Rúa Alcalde Juan Seijas en Carral.
523/2021	01/12/2021	Aprobación da conta xustificativa da primeira reposición do Anticipo de Caixa Fixa 3/2021 e segunda reposición do Anticipo de Caixa Fixa 3/2021 por importe de 3.000 €
524/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a adquisición de material antideslizante sobre panel LED para sinalización de pasos de peóns na Avenida dos Mártires nº 17.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
525/2021	03/12/2021	AEDL.- Aprobar a agrupación cos Concellos de Coirós e Oza-Cesuras para continuar co mantemento conxunto do servizo dun axente de emprego e desenvolvemento local e aprobar o convenio de colaboración entre os tres Concellos coa finalidade de solicitar unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de AEDLs.
526/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a promoción turística en Carral durante as Festas do Nadal.
527/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a realización dun estudo topográfico, realización de proxecto e dirección de obra do proxecto de Mellora na Praza da Capela en Carral.
528/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a subministración de folletos informativos da programación deportiva do Nadal.
529/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a subministración de trofeos para os torneos deportivos de Nadal.
530/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a realización do servizo de transporte á pista de xeo da Coruña.
531/2021	02/12/2021	Aprobación do gasto para a contratación do servizo campamentos deportivos de Nadal
532/2021	03/12/2021	BENS INMOBLES.- Adquisición onerosa e adxudicación directa de dúas fincas sitas no Espiño (referencias catastrais 15021A015001610000RL e 15021A015001630000R), propiedade das irmáns Adela (76331680Q), Emilia (32761464B) e María del Carmen Sande Insua (76314682S
533/2021	03/12/2021	PERSOAL.- Desestimar a alegación presentada por M. Carril Danza (DNI*****393V) no procedemento de selección dun/ha técnico/a en materias medioambientais para o departamento de Medio Ambiente.
534/2021	03/12/2021	Aprobación do gasto para a contratación do servizo de arbitraje e desenrolo do XIX torneo de xadrez de Nadal.
535/2021	03/12/2021	Aprobación do gasto para o subministro e colocación de material ornamental para a decoración de parques e xardíns do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
536/2021	03/12/2021	Aprobación certificación segunda e derradeira da obra “Mellora da seguranza viaria en estrada municipal no treito Estrada do lugar do Barbeito ao lugar de Lavandeira (Financiada con cargo á subvención da axencia galega de desenvolvemento rural (AGADER) da Conselleria do medio rural da Xunta de Galicia. Convocatoria, resolución 28-12- 2020; Otorgamento, resolución 04-04-2021
537/2021	03/12/2021	PERSONAL.- Contratación de don M. Blanco Vázquez (****352A), aspirante con maior puntuación acadada no procedemento de selección para a contratación dun técnico en materias medioambientais e formación da bolsa prevista nas bases.
538/2021	09/12/2021	Autorización do pagamento a xustificar 6/2021.-
539/2021	09/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do Anticipo de Caixa Fixa 2/2021.
540/2021	09/12/2021	Autorización do pagamento a xustificar 8/2021
541/2021	09/12/2021	Autorización do pagamento a xustificar 7/2021
542/2021	10/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 3/2021
543/2021	10/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 4/2021
544/2021	10/12/2021	Corrección de erro material no decreto da alcaldía 527/2021 do 2 de decembro 2021 correspondente ao expediente de Tedec 2021/G003/000536 (aprobación do gasto para a realización dun estudo topográfico realización de proxecto e dirección de obra do proxecto de mellora na Praza da Capela en Carral.)
545/2021	10/12/2021	Corrección de erro material no decreto da alcaldía 522/2021 do 1 de decembro DE 2021 correspondente ao expediente de Tedec 2021/G003/000533(aprobación de gasto para a realización do estudo topográfico, proxecto e dirección de obras dos traballos do proxecto de mellora peonil da Rúa Alcalde Juan Seijas en Carral.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
546/2021	20/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do Pago a Xustificar 8/2021 de Mercedes de 2021 por importe de 3.621,00 €.
560/2021	20/12/2021	Aprobación da 2ª Certificación e final da Obra: Melhoria da rede de Asinaturas Bernabé S.C., por un prazo de 5.500,00 € Quembre.-
548/2021	20/12/2021	Pagamento de axuda en custas máis membros correspondente edición do Premio de Poesía Gonzalla de Carral.
549/2021	24/12/2021	Aprobación do pagamento da deuda económica establecida o 23 de novembro de 2021 correspondente expediente de Química de Carral e o 2017/009/00523 para a práctica do gasto para adquisición dun venche de para o departamento de exercicio 2021 (sociais).
560/2021	24/12/2021	Aprobación de Pagamentos 9950000024638 económica establecida no convenio de colaboración entre Á
551/2021	14/12/2021	Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (Decembro 2021) de Carral durante o exercicio 2021.
552/2021	14/12/2021	Aprobación do gasto para o subministro de cartelería e boletos dentro da campaña turística "Conéctate Carral en Nadal".
564/2021	21/12/2014	BTT Carral e o Concello de Carral para a práctica do Convocatoria de sesión da Xunta de Goberno Local 22/2021, Ordinaria, 16 de decembro de 2021.
565/2021	21/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do pagamento a XUSTIFICADO - Designación de letrada e proxecto de xustificar o 2021 de Carlos Alberto Fragozo Parga.
554/2021	16/12/2021	do Concello no procedemento abreviado 217/2021 seguido no Contencioso-Administrativo nº 2 da Coruña sobre responsabilidade patrimonial.
566/2021		Aprobación do pagamento da axuda económica establecida no convenio de colaboración entre o Club de Tiro Olímpico de Carral e o Concello de Carral para a práctica do Tiro Olímpico Concello de Carral SA (CIF A82153834) licenza de segregación para durante o exercicio 2021.
555/2021	16/12/2021	extraer da finca matriz con referencias catastrais Xustificación de pagamento a xustificar 7/2021. e 15021A022000020000RT
567/2021	21/12/2021	000300200NH57G0001AB unha nova finca Tramitación de Decretos - 9930000024694
568/2021	21/12/2021	Axuda a estudos de investigación oftalmolóxicos e de estudos e indemnizacións por razón do servizo ao persoal de Carral.
556/2021	16/12/2021	Aprobación do gasto para a adquisición de roupa de Carral presentadas entre o 17 de xuño e o 15 de decembro de 2021.
569/2021	22/12/2021	
557/2021	17/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do Anticipo de Caixa Fixa 4/2021 de Antolín Rodríguez Gestal.-
558/2021	20/12/2021	Aprobación da conta xustificativa do Pago a Xustificar 6/2021 de Lucía Vázquez Mouriño.-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
570/2021	22/12/2021	Resolución pola que se declara deserta a licitación do contrato da obra: “ Ampliación do centro Deportivo e reforma de Pista Polideportiva Exterior” . Rua Belvís de paleo nº 17. Concello de Carral. Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [ACHEGA 2020] (EXPTE EN TEDEC 2021/C003/00007).
571/2021	22/12/2021	Resolución pola que se declara deserta a licitación do contrato da obra Reforma Interior Polideportivo CEIP Vicente Otero Valcárcel. Rúa Juan Seijas s/n. Concello de Carral. Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021
572/2021	22/12/2021	Aprobación do gasto para a contratación dun seguro para o expositor dos regalos da campaña de turismo "Coñece Carral no Nadal"
573/2021	22/12/2021	Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra ;Mellora da capa de rodadura estradas municipais, parroquia de Tabeaio. Concello de Carral. Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [ACHEGA 2020].
574/2021	22/12/2021	Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra ;Mellora da capa de rodadura estradas municipais , parroquias de Paleo e Beira. Concello de Carral. Plan de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2021 [PLAN COMPLEMENTARIO POS+AD2a].
575/2021	22/12/2021	Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno- Sesión 11/2021, extraordinaria (en el CIXPAC corresponde la sesión 12/2021), 28 de decembro de 2021
576/2021	22/12/2021	Convocatoria de session do pleno 14/2021 , Extraordinaria, 3 de xaneiro de 2022
577/2021	22/12/2021	Liquidación servizo de axuda no fogar- prestacións de dependencia e libre concorrencia novembro de 2021.
578/2021	22/12/2021	Aprobación Certificación nº 1 e última da obra"Realización de obras de pavimentación de caminos en Ameás, San Vicente de Vigo (Carral)"



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
587/2021	28/12/2021	Aprobación do pagamento da axuda económica establecida no convenio de colaboración entre a Asociación de Custodia do Territorio de Carral "Brexia" e o Concello de Carral para a promoción de defensa e coidado medioambiental do espazo natural durante o exercicio 2021.-
588/2021	28/12/2021	Aprobación da xustificación de gastos (DPI) no foxo nº 2031 de Ruben Corraño Valcarcel de Carral).
589/2021	29/12/2021	Aprobación de facturas por importe de 143.957,28 fiscalizadas de conformidade da Brexia (Financiada ao 100% 37.701,79 €. A través do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal. Plan Único de Concellos (POS + 2020) da Deputación Provincial da Coruña.
590/2021	29/12/2021	Aprobación da xustificación de anticipo de caixa de 3/2021 de Naira Aradas Carón.
591/2021	29/12/2021	Aprobación do pagamento da axuda económica establecida no convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "Cultura Aberta" e o Concello de Carral para a realización de distintas actividades culturais durante o exercicio 2021.-
582/2021	23/12/2021	Aprobación das nóminas ordinarias e extraordinarias de persoal do servizo do Concello de Carral correspondentes ao mes de decembro de 2021.
592/2021	29/12/2021	Aprobación do pagamento da axuda económica establecida no convenio de colaboración para a entidade de subvención para un axente de emprego e desenvolvemento local entre os Concellos de Oza Estreita, Carral e Oleiros.
593/2021	29/12/2021	Aprobación de facturas e levantamento de reparos suspensivos 7/2021.
584/2021	23/12/2021	Aprobación certificación única da obra "Adquisición e instalación de marquesinas nos accesos ao Colexio Vicente Otero Valcarcel" de la obra Mellora da eficiencia Enerxética do Concello de Carral para a práctica da equitación no Concello de Carral durante o exercicio 2021.
594/2021	29/12/2021	Aprobación de certificación nº 1 e última da obra de acondicionamento de accesos a edificios anexos al CEIP Vicente Otero Valcarcel (Carral).
585/2021	28/12/2021	Aprobación de certificación nº 1 e última da obra de acondicionamento de accesos a edificios anexos al CEIP Vicente Otero Valcarcel (Carral).
586/2021	28/12/2021	Aprobación do pagamento da axuda económica establecida para a Transición Enerxética do Centro Cultural "Aires de Carral" e o Concello de Carral para a realización de distintas actividades culturais durante o exercicio 2021.-
595/2021	29/12/2021	Aprobación de facturas por importe de 12.394,15€, fiscalizadas de conformidade.
596/2021	30/12/2021	Aprobación da factura de Esproade, por importe de 3480.00 € por o campamento de Nadal.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
01/2022	03/01/2022	Prórroga do orzamento xeral do Concello de 2021 para 2022
02/2022	03/01/2022	Expediente de modificación de créditos 1.2022. transferencia de créditos 1.2022 entre partidas do mesmo grupo de función e partida de personal.
03/2022	03/01/2022	Contratación laboral temporal por obra ou Servizo a tempo complete dunha auxiliar administrative (Vanessa Luis Prado) para o departamento dos servizos xurídicos e da alcaldía a consecuencia da redución de personal nos mesmos.
04/2022	03/01/2022	Aprobación do gasto para equipamento e figurantes para cabalgata dos reis magos.
05/2022	03/01/2022	Aprobación do gasto para a realización de sesións de contacontos de animación á lectura na biblioteca municipal para o primeiro semestre do ano.
06/2022	10/01/2022	Aprobación do gasto par a coordinación do club de lectura da biblioteca municipal do primeiro semestre de 2022.
07/2022	10/01/2022	Aprobación do gasto para a impresion, montaxe e desmontaxe de paneis da exposición sobre José Gestal "Cardoña".
08/2022	11/01/2022	Tramitación de Decretos - 99500000024724 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
09/2022	12/01/2022	Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (xaneiro 2022).
10/2022	11/01/2022	Tramitación de Decretos - 99500000024767 Resolución Sancionadora Resolución Sancionadora
11/2022	14/01/2022	Aprobación do gasto para as intervencións teatrais Sempre Rosalía nos centros educativos.
12/2022	17/01/2022	Tramitación de Decretos - 99500000024826 Resolución Sancionadora Resolución Sancionadora
13/2022	19/01/2022	Tramitación de Decretos - 99500000024860 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
14/2022	19/01/2022	Decreto concesión SAD libre concorrencia Perfecto Sánchez Fariña
15/2022	19/01/2022	Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia decembro de 2021.
16/2022	19/01/2022	Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo mes de XANEIRO 2022 por importe de 3.998,00 €.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
17/2022	26/01/2022	Convocatoria da session da xunta de goberno local 1/2022, ordinaria, 27 de xaneiro de 2022
18/2022	21/01/2022	Aprobación do pagamento da axuda económica establecida no convenio de colaboración entre o Club de Ximnasia Rítmica de Carral e o Concello de Carral para a práctica da Ximnasia Rítmica Concello de Carral durante o exercicio 2021.
19/2022	25/01/2022	Expediente de modificación de créditos 2.2022. transferencia de créditos 2.2022 entre partidas do mesmo grupo de función e partidas de persoal..
20/2022	27/01/2022	
21/2022	27/01/2022	Aprobación de nóminas mensuais do persoal ao servizo do Concello de Carral correspondentes a ao mes de xaneiro de 2022.
22/2022	27/01/2022	Aprobación de facturas e levantamento de reparo suspensivo 1/2022.
23/2022	27/01/2022	Non division en lotes do investimento mellora da capa rodadura de Belvís de Paleo ao Xalo , para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022
24/2022	28/01/2022	Non division en lotes do investimento Mellora e Humanización da rúa Rio Canle- para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022.
25/2022	28/01/2022	Non division en lotes do investimento renovación da rede municipal de alumeadado con tecnoloxía LED en : a Estrada CP-2103 en Sergude – Carral , para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022
26/2022	28/01/2022	Aprobación do gasto para o subministro de material de ferretería e ferramentas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I


Nº	DATA	ASUNTO
27/2022	28/01/2022	Non division en lotes do investimento mellora peonil da rúa Alcalde Juan Seijas, no Concello de Carral, para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concello) POS+ 2022
28/2022	28/01/2022	Non division en lotes do investimento recuperación da Praza da Capela- Carral, para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022
29/2022	28/01/2022	Non division en lote do investimento mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o Lugar de Souto Figueroa e o Pazo de Vilasuso, para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022
30/2022	28/01/2022	Non division en lotes do investimento “Mellora da capa de rodadura de A Brexa a Vilamouro, para a súa aprobación con cargo ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2022
31/2022	28/01/2022	Solicitude á Deputación Provincial da Coruña de subvención para o Programa de Finanzamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022 (FOPPSS/2022) ao abeiro da convocatoria do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2022.
32/2022	31/01/2022	Concesión do anticipo de caixa fixa 1/2022. de Carlos Alberto Fragoso Parga.-



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Nº	DATA	ASUNTO
33/2022	31/01/2022	Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno-Sesión 1/2022, extraordinaria, 03 de febreiro de 2022
34/2022	01/02/2022	Nomeamento de adquisición de condición de personal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica do corpo da policía local do Concello de Carral de dona Lidia Loureiro Borrazás.
35/2022	01/02/2022	Nomeamento de adquisición de condición de personal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica do corpo da policía local do Concello de Carral de don Alberto Fernández Paderne.
36/2022	03/02/2022	Convocatoria de sesión do pleno 1/2022, extraordinaria, 08 de febreiro de 2022
37/2022	03/02/2022	Aprobación da liquidación do orzamento xeral do Concello para 2021
38/2022	03/02/2022	Solicitud á Excma. Deputación da Coruña de subvención para o mantemento do Servizo de normalización lingüística do Concello de Carral ao abeiro do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincial da Coruña para crear, manter e reforzar os Servizos de normalización lingüística de 2022 (FONL/2022)
39/2022	04/02/2022	Informar favorablemente o nomeamento provisional de dona Eva Jardón López, con DNI 71519391V, como secretaria do Concello de Carral e solicitar á Dirección Xeral de Administración Local dito nomeamento provisional.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

8.-Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

O grupo popular presentou o 24 de xaneiro de 2022, RE 202200000000091, a moción que deseguido se transcribe:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN EL AYUNTAMIENTO DE CARRAL PARA EXIGIR AL PRESIDENTE DEL GOBIERNO DE ESPAÑA EL CESE INMEDIATO DEL MINISTRO E CONSUMO POR ATAQUES A LA GANADERÍA Y AL SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL

El Grupo Municipal/Provincial Popular en el Ayuntamiento de Carral, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régime Jurídico de las Entidades Locales, eleva al Pleno la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Según el Informe Anual de la Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, la industria cárnica es:

La tercerera en cuanto a número de empresas que lo integran: 3.641 empresas, el 11,9% del total de empresas que conforman la Industria Alimentaria Española.

A este respecto hay que indicar que, según el referido informe publicado por el Gobierno de España, el 67% de esas empresas tienen menos de 10 trabajadores (y el 92,7% no alcanza los 50 empleados).

Es decir, esta industria está formada predominantemente por pequeñas explotaciones ganaderas de tipo familiar que ayudan a crear empleo y riqueza y, lo que es más importante, a fijar población en el mundo rural.

Y en 2020 aportó casi 9.000 millones de € de exportaciones a la balanza comercial de España contribuyendo a reducir el tradicional déficit comercial de nuestro país.

Si hablamos de eficiencia, sostenibilidad y respecto al medio ambiente y al bienestar animal, la producción ganadera de carne representa únicamente el 5,8% del total de emisiones de Gases de Efecto Inverandero a nivel municipal; eel 80% de las cuales se producen en países en vías de desarrollo.

Como prueba de que la industria cárnica española está firmemente comprometida en la defensa del bienestar animal, la Asociación Nacional de Industrias de la Carne de España (ANICE), la mayoritaria en el sector, adoptó en el 2019 el acuerdo de instalar cámaras de videovigilancia en mataderos, con objeto de supervisar el correcto cumplimiento de las condiciones de bienestar animal en los establecimientos de sacrificio.

Este acuerdo se tradujo en una solicitud formal, en octubre de 2019, la Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN), para el desarrollo de la legislación correspondiente.

Además, este sector cumple con toda la regulación relativa al bienestar animal y seguridad y calidad alimentaria elaborada por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, el competente en la materia y que transpone las directivas que sobre estos aspectos se elaboran en la Unión Europea.

Frente a estos datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo del Reino de España no ha dudado en afirmar, en una entrevistasata concedida al periódico británico The Guardian, que España exportaba carne de mala



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

calidad procedente de animales maltratados (“... they export this poor quality meat from these ill-treated animals”).

Unas declaraciones que como hemos podido ver, revisando los datos publicados por el propio gobierno, son rotundamente falsas y demuestran o la profunda ignorancia del este miembro del gabinete o su abismal sectarismo o ambas cosas a la vez.

En todo caso, no es la primera vez que Alberto Garzón ataca a una de la industrias alimentarias más importantes de nuestro país y desprestigia a un sector que lleva años adaptándose a los nuevos estándares de sostenibilidad ambientes, bienestar animal y calidad alimentaria, que da trabajo a cientos de miles de españoles y es una herramienta fundamental para luchar contra la despoblación.

No es la primera vez ni es el único sector productivo español atacado por el Ministro de Consumo, ya son muchas las ocasiones y los sectores que han sido centro de las críticas y ataques por parte de un Ministro cuya misión es apoyarlos y si observa margen de mejora poner en marcha medida, desde su departamento o conjuntamente con otros ministerios.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Carral, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO


El Ayuntamiento de Carral:

PRIMERO.- *Exigir al Presidente del Gobierno la rectificación inmediata de las declaraciones realizadas por el Ministro de Consumo y el cese del mismo por sus reiterados ataques a uno de los sectores productivos más pujantes de nuestro país, el cárnico, que lleva años mejorando sus procesos para garantizar la más alta calidad alimentaria y el bienestar animal.*

SEGUNDO.- *Exigir al Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, competente en la materia, que, con los datos de que dispone, desmienta inmediatamente las afirmaciones de su compañero de gabinete y ponga en marcha una campaña nacional e internacional de defensa y apoyo al sector ganadero cárnico y las medidas necesarias para que dicho sector avance en sostenibilidad.*

TERCERO.- *Reconocer el gran trabajo realizado por los miles de ganaderos españoles así como de los veterinarios e ingenieros agrónomos para hacer que el sector ganadero cárnico se adaptase a las nuevas exigencias, regulatorias y sociales, en materia de medio ambiental, de bienestar animal y calidad y seguridad alimentaria alcanzando los máximos estándares de calidad en dichas materias.*

En Carral, a 24 de enero de 2022.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

EI PORTAVOS DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR

José Luís Fernández Mouriño

DEBATE

O Sr. alcalde dálle a palabra ao Sr. Mouriño para que expoña a urxencia da moción presentada polo seu grupo político.

O Sr. Mouriño toma a palabra para xustificar a moción presentada e a urxencia da mesma explicando que non entende como o Ministro de Consumo pode falar fóra das nosas fronteiras mal das súas propias cousas. É como si nos falásemos mal do pan de Carral, é como se dixeramos que os produtos de Carral non valen para nada. Isto foi o que fixo o Ministro fóra de España cando falou cos medios de comunicación e consideramos que debería pedir desculpas de maneira urxente porque prexudica aos nosos produtos, que son de bandeira, e vivimos de exportar unha cantidade de carne para Europa e outros continentes. Non se pode ser tan lixeiro á hora de poñer en cuestión a calidade dos nosos produtos cando son exemplares e pasan todo tipo de controis. Hai que ser máis responsables á hora de facer estas declaracións.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, non é aprobada a urxencia polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por non haber maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión co seguinte resultado: catro votos a favor dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e da Sra. concelleira non adscrita; oito votos en contra dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdG-PSOE, e dos cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV).

9.-Rogos e preguntas.

O señor Alcalde pasa ao punto de rogos e preguntas e dálle a palabra a Sra. Duarte Gerpe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

A Sra. Duarte Gerpe expón que ela non vai facer ningún rogo nin pregunta, que soamente lle agradecería ao Sr. alcalde que retomase o punto da orde do día do pleno extraordinario onde solicitaban que deixaran de cobrar o que están cobrando por non facer nada.

Intervén agora o Sr. Couto para preguntar que agora que saíron as subvencións do AGADER que pista ou camiño van arranxar con ela.

O Sr. Alcalde contéstalle ao Sr. Couto dicíndolle que non lle parece acertado que veña con esas preguntas ao pleno cando en diversas ocasións o equipo de goberno intentou reunirse con el, dándolle neste momento a palabra ao Sr. Fernández Mouriño

O Sr. Fernández Mouriño pregúntalle ao Sr. alcalde e ao equipo de goberno o motivo polo cal non se teñen os orzamentos do ano 2022, que tipo de planificación hai neste concello para que non saibamos o que imos gastar e o que imos facer. Os orzamentos, que é a cousa máis importante que se aproba polo pleno todos os anos, supón saber onde se van destinar as partidas, saber os recursos que temos, canto temos de previsión. Non teñen que ser exactos xa que poden vir fondos da Deputación, obras da Xunta ou incluso do goberno central e incluso volver a recuperar o tema do IDAE en canto saia a convocatoria pois estaremos pendentes en todo momento para obrigarlle a que solicite a subvención porque así se aprobou no pleno solicitar de novo a mellora na N-550.

A segunda pregunta do Sr. Mouriño é porque non sae a diante o Plan Xeral. Ten escoitado que desde outubro-novembro xa estaba o plan pois no seu día quedaron en contestar ás alegacións a mediados do ano 2019, déronlle as voltas que consideraron pero desde o ano 2019 a febreiro de 2022 non sabemos nada. Hai moita xente que quere saber se pode facer a súa casa ou se seu pai pode segregarse unha finca para deixar en herdanza, este plan debe aprobarse canto antes. Non entendo porque está parado, espero que non sexan temas políticos, que o equipo de goberno non estea de acordo, porque iso supón paralizar o concello de Carral. Están falando moito de que se vai a ampliar o polígono industrial pero isto non se pode facer ata que se aprobe o plan xeral e leva consigo engadir distintos plans sectoriais que non sei se se están facendo ou non.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que as súas preguntas se limitan ao orzamento e ao Plan Xeral, que son decisivos. Ademais, di o Sr. Mouriño, Alternativa dos Veciños prioriza a nivel



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

comarcal estes temas, pois critican a Cambre, Culleredo, Arteixo e Sada por non ter plan xeral e en Carral, que están gobernando eles, non o temos.

Ás 22:30 horas, o Sr. alcalde dá as grazas aos asistentes e remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor alcalde, do que como secretaria accidental do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Sonia Campos Ares